Fóronse incorporando distintas actividades coma excursións escolares, outra forma de dar a coñecer o Parque Natural, ó tempo que se fomentaba a educación no respecto ao medio ambiente e tamén se levou a cabo un plan de marketing co obxecto de incrementar o nivel de promoción do Centro de recepción de visitantes das portas do Xurés, co fin de aumentar o fluxo de visitas aos mesmos, para difundir os recursos patrimoniais da Reserva da Biosfera, unificar unha liña de comunicación coherente cos valores da reserva, e demais. Utilizáronse distintos medios para a promoción do mesmo, como redes sociais e ampliación da presentación do parque nos medios de comunicación.

Na memoria de actividades final correspondente o ano 2019 figuran un número de visitas entre os meses de xuño a setembro de 2645.



Abandonadas á súa sorte o recentemente pasado verán de 2020, no que malamente puideron cumprir o seu cometido nas fracas e descoordinadas posibilidades de cada concello, vendo con resinada frustración como do lado portugués da reserva funcionan os espazos homólogos longamente consolidados.

Entendendo as portas do parque como estruturas fundamentais de establecemento do primeiro contacto cos visitantes e o seu camiño, control dos fluxos turísticos sustentables, que potencian o turismo rural na zona e promoción conxunta do Parque Transfronteirizo xunto con Portugal, e para facer valer o compromiso do Goberno galego respecto aos concellos de Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños, de manter abertos e en funcionamento as Portas do Parque do Xurés.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar no seu orzamento partida suficiente para garantir a apertura e mantemento das Portas do Parque Baixa Limia – Serra do Xurés no ano vindeiro.
2. Coordinar cos concellos incumbidos, e dentro da capacidade orzamentaria, as datas nas que, cando menos a prestación do servizo se considere necesario, nomeadamente as coincidentes cos períodos de Semana Santa, Nadal e verán.

Pazo do Parlamento, 13 de novembro do 2020

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/11/2020 10:20:27

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Pablo Arangüena Fernández na data 13/11/2020 10:20:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/11/2020 10:21:57

Patricia Otero Rodríguez na data 13/11/2020 10:22:09

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/11/2020 10:22:19



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto a no artigo 160 do Regulamento da cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A continua cambiante situación epidemiolóxica de Galicia obriga a unha vixilancia diaria por parte do Goberno galego das medidas de prevención específicas adoptadas como consecuencia da evolución da pandemia, de maneira que cada poucos días se van revisando para adaptalas á nova realidade. Esa adaptación das medidas en función da situación sanitaria de cada concello é loxicamente razoable. O que xa non parece ter demasiado fundamento é a modificación arbitraria da limitación de determinados aforos.

O Goberno galego publicaba unha Orde o 4 de novembro na que establecía que nos concellos con máis restricións a capacidade máxima dos lugares de culto era de 25 persoas, mentres que no resto do territorio o límite estaba nas 50. Mais o 10 de novembro publica un novo decreto no que fixa nun terzo o máximo dese aforo nos concellos en peores condicións e nun 50 % nos restantes.

A Xunta de Galicia basea esta modificación nunha investigación epidemiolóxica realizada neses lugares que demostra que son “seguros en relación coa transmisión do SARS-CoV-2” xa que non se detectou ningún gromo “que puidese identificarse como orixe nun lugar de culto”. Outras das razóns aducidas é que pese a ser espazos interiores a permanencia neles é dun tempo limitado, “as persoas non interactúan entre elas, manteñen a distancia de seguridade en todo momento e empregan a máscara de forma sistemática, salvo en momentos puntuais”.

Sorprende que esa motivación, que non poñemos en cuestión, non se aplique tamén noutros lugares nos que se dá exactamente esa mesma casuística, como son os espazos culturais como cines, teatros ou auditorios nos que sendo, así mesmo, lugares pechados, os aforos se limitan nas zonas con maiores restricións a 30 persoas (ou a 50 de solicitarse autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública acompañada dun plan de prevención de contaxios).



Nesa mesma liña, tamén o día 10 se publicaba unha orde que modificaba as medidas no transporte colectivo, establecendo que no transporte en autobús e o marítimo en augas interiores se poderá ocupar a totalidade dos asentos engadíndose un máximo dunha sexta parte das prazas de pé.

Todo o anterior supón que nos lugares de culto en concellos con alerta máxima poderían agruparse á vez 70 persoas (ou máis, dependendo da dimensión do local), que os autobuses ou barcos poden ter completas todas as súas localidades, pero que un auditorio con capacidade para 1.000 persoas só pode albergar a 30 nun espectáculo.

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidades, Román Rodríguez, así como o director xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, manifestaron en diversas ocasións en sede parlamentaria o seu convencemento de que a cultura é segura e que en ningún caso, grazas ao cumprimento estrito das medidas adoptadas por parte do sector, son lugares de contaxio. Tanto é así que a consellaría anunciou que en breve lanzará unha campaña alentando ao consumo cultural precisamente baseándose nesta seguridade.

Diante do exposto, que non parece manter demasiada coherencia co relato da Consellaría de Cultura de que ‘A cultura é segura’, o Grupo Parlamentario Socialista manifesta a súa preocupación por esta arbitrariedade na limitación de aforos, por iso presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a, de non ter datos de contaxios con orixe en espazos culturais, revisar a limitación de aforos nestes lugares, como xa se fixo nos de culto ou no transporte colectivo.

Pazo do Parlamento, 12 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 12/11/2020 17:39:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/11/2020 17:39:58

Julio Torrado Quintela na data 12/11/2020 17:40:11

Marina Ortega Otero na data 12/11/2020 17:40:51





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2020 11:58:08
Nº Rexistro: 5311
Data envío: 13/11/2020 11:58:08.016

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/11/2020 17:41:04



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto a no artigo 160 do Regulamento da cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A continua cambiante situación epidemiolóxica de Galicia obriga a unha vixilancia diaria por parte do Goberno galego das medidas de prevención específicas adoptadas como consecuencia da evolución da pandemia, de maneira que cada poucos días se van revisando para adaptalas á nova realidade. Esa adaptación das medidas en función da situación sanitaria de cada concello é loxicamente razoable. O que xa non parece ter demasiado fundamento é a modificación arbitraria da limitación de determinados aforos.

O Goberno galego publicaba unha Orde o 4 de novembro na que establecía que nos concellos con máis restricións a capacidade máxima dos lugares de culto era de 25 persoas, mentres que no resto do territorio o límite estaba nas 50. Mais o 10 de novembro publica un novo decreto no que fixa nun terzo o máximo dese aforo nos concellos en peores condicións e nun 50 % nos restantes.

A Xunta de Galicia basea esta modificación nunha investigación epidemiolóxica realizada neses lugares que demostra que son “seguros en relación coa transmisión do SARS-CoV-2” xa que non se detectou ningún gromo “que puidese identificarse como orixe nun lugar de culto”. Outras das razóns aducidas é que pese a ser espazos interiores a permanencia neles é dun tempo limitado, “as persoas non interactúan entre elas, manteñen a distancia de seguridade en todo momento e empregan a máscara de forma sistemática, salvo en momentos puntuais”.

Sorprende que esa motivación, que non poñemos en cuestión, non se aplique tamén noutros lugares nos que se dá exactamente esa mesma casuística, como son os espazos culturais como cines, teatros ou auditorios nos que sendo, así mesmo, lugares pechados, os aforos se limitan nas zonas con maiores restricións a 30 persoas (ou a 50 de solicitarse autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública acompañada dun plan de prevención de contaxios).



Nesa mesma liña, tamén o día 10 se publicaba unha orde que modificaba as medidas no transporte colectivo, establecendo que no transporte en autobús e o marítimo en augas interiores se poderá ocupar a totalidade dos asentos engadíndose un máximo dunha sexta parte das prazas de pé.

Todo o anterior supón que nos lugares de culto en concellos con alerta máxima poderían agruparse á vez 70 persoas (ou máis, dependendo da dimensión do local), que os autobuses ou barcos poden ter completas todas as súas localidades, pero que un auditorio con capacidade para 1.000 persoas só pode albergar a 30 nun espectáculo.

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidades, Román Rodríguez, así como o director xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, manifestaron en diversas ocasións en sede parlamentaria o seu convencemento de que a cultura é segura e que en ningún caso, grazas ao cumprimento estrito das medidas adoptadas por parte do sector, son lugares de contaxio. Tanto é así que a consellaría anunciou que en breve lanzará unha campaña alentando ao consumo cultural precisamente baseándose nesta seguridade.

Diante do exposto, que non parece manter demasiada coherencia co relato da Consellaría de Cultura de que ‘A cultura é segura’, o Grupo Parlamentario Socialista manifesta a súa preocupación por esta arbitrariedade na limitación de aforos, por iso presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a, de non ter datos de contaxios con orixe en espazos culturais, revisar a limitación de aforos nestes lugares, como xa se fixo nos de culto ou no transporte colectivo.

Pazo do Parlamento, 12 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 12/11/2020 17:43:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/11/2020 17:43:17

Julio Torrado Quintela na data 12/11/2020 17:43:31

Marina Ortega Otero na data 12/11/2020 17:43:40





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2020 11:58:26
Nº Rexistro: 5312
Data envío: 13/11/2020 11:58:26.872

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/11/2020 17:43:53

CSV: BOPGDSPGuKfKU05zX3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos:

A Constitución española, no seu artigo 148.1.20º, establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de asistencia social. En virtude disto, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, recolle a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asistencia social.

Esta competencia exclusiva desenvolveuse mediante a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que estrutura e regula como servizo público os servizos sociais de Galicia para a construción do Sistema Galego de Benestar.

Neste proceso de adaptación permanente a Lei 8/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia introduce no título II o concerto social como forma de prestación de servizos sociais.

Desta forma o concerto social convértese nun instrumento innovador de financiación de programas e servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, idóneo para a prestación duns servizos estables e de calidade para a cidadanía.



Esta figura do concerto social aparece como unha modalidade diferenciada do concerto xeral recollido na norma xeral de contratos do sector público. Con isto dótase a administración autonómica dun novo mecanismo que permite impulsar as súas relacións coas entidades prestadoras de servizos sociais e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades económicas deste sector. En definitiva, trátase dunha fórmula flexible cunha alta capacidade de adaptación ás necesidades que van xurdindo.

Os concertos sociais en Galicia teñen por obxecto a reserva e ocupación de prazas para uso exclusivo das persoas usuarias de servizos sociais ou dos colectivos vulnerables, a xestión integral de prestacións técnicas, tecnolóxicas, de servizos, programas ou centros.

Neste sentido, o pasado mes de xullo, o Presidente do Goberno galego avanzou que a Xunta remitiría ao Consello Consultivo de Galicia o Decreto de Concerto Social, que facilitará a prestación de servizos públicos a través de entidades sociais, axilizando e flexibilizando a súa posta a disposición dos cidadáns.

Este avance normativo, moi demandado polas entidades sociais, facilitará a creación dunha bolsa de entidades que están en condicións de ofrecer prazas a partir duns criterios preestablecidos. Isto redundará nunha mellora da calidade dos servizos respecto do réxime de contratos actual, e nunha maior defensa dos intereses das persoas usuarias e da súa contorna socio-familiar.

Asemade, con este instrumento darase prioridade na contratación ás entidades de iniciativa social, flexibilízase a creación de prazas públicas e axilízase a oferta de



servizos ás persoas que o necesitan. O novo sistema de concerto social promoverá unha atención integral ás persoas usuarias que preserve o seu nivel de autonomía persoal, posibilitando a permanencia de aquelas na súa contorna habitual.

A súa vez o establecemento de concertos sociais incorporará na provisión dos servizos sociais os principios de atención personalizada e integral, arraigo da persoa no entorno de atención social, elección da persoa e continuidade na atención no seu ciclo de vida e calidade.

Por todo o dito anteriormente, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que impulse a aprobación do Decreto do Concerto Social”.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2020



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/11/2020 12:49:38

José Alberto Pazos Couñago na data 13/11/2020 12:50:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/11/2020 12:50:10

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/11/2020 12:50:26

Noelia Pérez López na data 13/11/2020 12:50:35

María Corina Porro Martínez na data 13/11/2020 12:51:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/11/2020 12:51:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/11/2020 12:51:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos:

O pasado 22 de setembro de 2020, O Parlamento de Galicia, a través dunha emenda transaccionada polos grupos parlamentares nacionalista e popular acordaba, entre outras medidas, requirir ao goberno do Estado a aprobación dun permiso retribuído que permitise a conciliación necesaria para que pais e nais poidesen atender aos fillos durante o período de cuarentena que obrigatoriamente deben gardar de maneira preventiva no caso de contacto con algúnha persoa contaxiada por Covid-19.

Con este acordo, o Parlamento de Galicia pretendía dotar ao conxunto da sociedade dunha ferramenta fundamental que permita a conciliación efectiva entre a vida laboral e as novas necesidades familiares derivadas da pandemia de Covid-19, de tal maneira que o mantemento da corentena preventiva derivada de contactos con persoas contaxiadas, aínda sen a confirmación mediante PCR ou test análogo, non redunde nunha ausencia inxustificada do posto de traballo da que se derivan medidas disciplinarias que comporten un risco de perda de emprego.

A través desta iniciativa, o Parlamento de Galicia conminaba ao Goberno de España a acurtar os prazos de implementación dunha medida que previamente fora anunciada e publicitada por distintos Ministros do Goberno do Presidente Sánchez.

Desafortunadamente, dende a aprobación do referido acordo, ningún avance se ten producido na súa materialización, namentras que tras un breve período de tregua, a pandemia de Covid-19 volta a extenderse polo conxunto do Estado, facendo perentoria a aprobación inmediata desta medida, imprescindible para abordar con garantías a segunda ola pandémica que estamos a padecer.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para instar á aprobación urxente dun permiso retribuído a nivel estatal para as nais e pais cuxas nenas e nenos estean en corentena”.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/11/2020 12:56:49

José Alberto Pazos Couñago na data 13/11/2020 12:57:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/11/2020 12:57:21

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/11/2020 12:57:41

Noelia Pérez López na data 13/11/2020 12:57:50

María Corina Porro Martínez na data 13/11/2020 12:58:06

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/11/2020 12:58:21

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/11/2020 12:58:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a inexistencia de medidas de prevención no transporte público na cidade de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante Orde da Consellaría de Sanidade de 9 de novembro de 2020 (DOG núm.227) establecéronse determinadas medidas de prevención para evitar o contaxio e propagación do Covid 19 en Galiza.

Así na devandita Orde establecíase que no transporte en autobús, tanto de carácter urbano coma interurbano, poderían ocuparse a totalidade dos asentos, debendo manter a separación máxima entre persoas cando o nivel de ocupación o permita.

A situación dos asentos na práctica totalidade dos vehículos destinados ao transporte de viaxeiros non permite as usuarias, en todos os casos, manter unha distancia interpersonal de cando menos un metro e medio. Tampouco a referida Orde reduce, antes ao contrario, a posibilidade de transmisión aérea do coronavirus, non sendo escasos os expertos que alerta da propagación do virus pro esta vía.

Toda vez que a medida foi aprobada para toda Galiza, prodúcese o paradoxo de que en cidades coma Ourense, nas que o elevado número de contaxios, o nivel de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ocupación das UCIs ou de camas hospitalarias levaron a adopción de estritas medidas de prevención fronte a novos contaxios; poda rexer unha exclusión de medidas no transporte colectivo. Extremo igualmente respecto ao transporte ferroviario no que igualmente estanse a obviar as medidas preventivas exixidas noutros ámbitos, converténdose nun eventual foco de transmisión do virus.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que realice as xestións que procedan para o incremento das frecuencias e prazas no transporte colectivo de persoas, tanto en percorridos urbanos como interurbanos que circulen polo concello de Ourense.”

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2020

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/11/2020 13:55:49

Noa Presas Bergantiños na data 13/11/2020 13:55:57

Alexandra Fernández Gómez na data 13/11/2020 13:56:05

Paulo Ríos Santomé na data 13/11/2020 13:56:13

Xosé Luis Bará Torres na data 13/11/2020 13:56:18



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Noa Díaz Varela, Luís Álvarez Martínez e Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O acontecido coa Casa Cornide, emprazada na zona histórica da Coruña, é unha mostra máis da impunidade coa que a familia Franco se enriqueceu de maneira corrupta durante os anos da ditadura, incrementando o seu patrimonio con bens públicos e do pobo conseguidos mediante a extorsión e a forza.

Construída a mediados do século XVIII por encargo da familia Cornide, o edificio pasaría a titularidade pública, tanto do Ministerio de Educación como do propio Concello da Coruña, que mesmo se instalou alí por unha época. Mais no ano 1962 o consistorio procedeu á poxa do edificio, que gañou o banqueiro coruñés Pedro Barrié de la Maza, quen lla regalou de inmediato á familia Franco.

Esta operación, documentada polos historiadores Carlos Babío e Manuel Pérez Lorenzo, obedecía ao ‘capricho’ da muller do ditador, Carmen Polo, por teren unha casa no centro da Coruña para poder pasear pola cidade nos veráns nos que tamén gozaban do Pazo de Meirás, outro exemplo do vil espolio dos Franco.

Diante disto, o Concello da Coruña acaba de iniciar o procedemento administrativo para que o edificio sexa declarado Ben de Interese Cultural (BIC) logo de recibir o estudo histórico-artístico encargado hai meses ao catedrático de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela, Alfredo Vigo Trasancos, que confirma que a Casa Cornide “suma un conxunto de valores cos que dificilmente se lle pode negar ese recoñecemento”.

Nese informe, o experto constata que se trata dunha casa senlleira, excepcional polas formas curvas das fiestras, cornixas e de todos os elementos pétreos das repisas de pedra, así como da propia balaustrada de ferro. Pero é que ademais salienta o patrimonio inmaterial que gardou a familia. Dende Diego Cornide, impulsor da construción, ata o seu fillo, o ilustre xeógrafo naturalista e humanista José Cornide.

Entre o patrimonio moble, Vigo Trasancos destaca unha pedra perdida que rescatou José Cornide cunha inscrición en latín que conmemoraba a restauración



da Torre de Hércules na época do Duque de Uceda, a placa que o Concello da Coruña colocou na fachada da casa anterior en 1892 e máis as dúas estatuas do Pórtico da Gloria -outro ben que se suma á infinita listaxe de bens espoliados polos Franco- que a familia do ditador almacenou no edificio entre 1978 e 1988 logo do incendio no Pazo de Meirás.

Destaca tamén que na Casa Cornide se atopan as pedras do edificio anterior, da antiga portada do Hospital de Caridade e do Hostal dos Reis Católicos. Son, por tanto, asegura Vigo Trasancos, "testemuños pétreos de tres monumentos importantes que converten a casa nun conxunto de valores cos que dificilmente se lle pode negar a declaración BIC".

Toda vez que este espolio se pode documentar historicamente e o seu indubidable valor artístico e patrimonial tamén se confirma por persoal experto, parece lóxico que a Casa Cornide volva formar parte do patrimonio público, de onde nunca debeu marchar.

O edificio atópase á venda na actualidade, razón pola que urxe estimar esta petición e que a Xunta de Galicia inicie de inmediato o procedemento. Por esta razón o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que inicie de inmediato o procedemento para declarar a Casa Cornide como ben de interese cultural.

Pazo do Parlamento, 13 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/11/2020 12:20:20

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/11/2020 12:20:33

Pablo Arangüena Fernández na data 13/11/2020 12:20:47

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/11/2020 12:21:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aproximadamente no ano 1960, Carmen Polo visitou a igrexa románica de San Xián de Moraime (Muxía) e interesouse por días pías bautismais de grande valor histórico-artístico que estaban no patio da casa reitoral. Pediu as días pías para levalas ao pazo de Meirás e ordenoulle ao párroco don José Barrientos, que obtivera os correspondentes permisos. Ao día seguinte, desprazouse ao lugar un camión para recoller as citadas pías, sen que se tramitase ningún permiso para o traslado.

O cura párroco de Moraime, José Barrientos, púxose inmediatamente en contacto por escrito co arcebispado, comunicando o acontecido. Posteriormente foi chamado polo vicario da diocese e decidiron non reclamar naquel momento as pías, dada a posición da persoa que se apropiara delas.

O 3 de setembro de 1980, D José Barrientos comparece diante do notario de Vimianzo para deixar constancia destes feitos. Nesa mesma data comparece tamén D Celso Alcaina Canosa, natural de San Xián de Moraime, sacerdote e avogado, quen manifesta “Que coñece as circunstancias expostas por referencias de D José Barrientos e doutras persoas”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde esa data, o sr Celso Alcaina fixo xestións diante do goberno central e da Xunta de Galiza mais sen obter ningún resultado. En 2010, o alcalde de Muxía, a petición de Celso Alcaina, enviou unha carta á Xunta solicitando que se adoptasen as medidas necesarias para a recuperación das pías, mais non tivo resposta. Nese escrito, adxuntou a acta notarial de 1980.

Aínda que a igrexa de Moraime é Ben de Interese Cultural, a Xunta manifestou en 2017 que non lle corresponde reclamar as pías: “A igrexa de San Xián de Moraime é propiedade da Igrexa. Polo tanto, quen debe reclamar son os titulares do ben”. Nese mesmo ano, o Arcebispado de Santiago manifestou que “estudiará o asunto”, examinando “a documentación que poida existir procedente da parroquia”.

Dada a condición de Ben de Interese Cultural e de ben de dominio público da igrexa románica de San Xián de Moraime, a Xunta de Galiza ten a obriga de velar pola súa conservación, protección, salvagarda e seguridade. Ademais, desde 1985 existe unha comisión mixta Xunta-Igrexa católica que ten entre as súas funcións: Actuar como órgano de asesoramento da consellería competente en materia de patrimonio cultural, para a protección, conservación, fomento e difusión do patrimonio cultural de Galicia nas cuestións que afecten exclusivamente bens de titularidade da Igrexa Católica que teñan valor cultural.

Malia esta obriga compartida de conservar e protexer os bens de titularidade da Igrexa católica, ningunha das dúas institucións adoptou medidas encamiñadas a conseguir a recuperación destes obxectos de extraordinario valor cultural.

Diante desta situación de pasividade e connivencia co roubo de dúas pezas que forman parte dun Ben de Interese Cultural, e tendo en conta que se está a realizar un inventario sobre os bens depositados no BIC Pazo de Meirás, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta á Xunta a:

1. Investigar a localización e estado de conservación das pías bautismais de San Xián de Moraime e adoptar as medidas necesarias para garantir a súa protección e salvagarda.
2. Dirixirse á familia Franco para solicitar a súa devolución, tendo en conta que está sobradamente demostrado o espolio e apropiación irregular deste ben patrimonial que forma parte dun BIC.
3. Colaborar co arcebispado de Santiago, no marco da comisión mixta Xunta de Galiza Igrexa Católica, para levar a cabo as accións necesarias para a recuperación das pías bautismais da igrexa románica de San Xián de Moraime.”

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 16/11/2020 10:06:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2020 10:07:03

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 10:07:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

Nos anos 50 do século pasado a vella balsa mineira que ocupa unha superficie aproximada de 5Has. rachou liberando río abaixo unha lingua de morte que esterilizou a vida do río de San Finx, logo o Vilacoba e chegou case á vila de Noia.

Aquilo xa foi e a mina e a balsa pasaron por mil vicisitudes. Pero o curioso é que unha vez máis non aprendemos dos erros acontecidos no pasado e teimamos en crea-las condicións para que se repitan.

Porque a vella balsa está aí, cun deterioro manifesto, ruinoso, con fendas e carga mortífera, non sabemos se agardando por outro desgraciado accidente (que no caso de se producir xa non lle poderíamos chamar así).

Así comezaba o noso argumentario nas iniciativas rexistradas e debatidas a principios da pasada X Lexislatura.

Tiñamos ademais da inspección ocular do estado da balsa tres analíticas feitas ás augas da zona da mina, unha delas na mesma balsa. As mostras recolleitas daban resultados por riba dos límites máximos permitidos polas Normas de Calidade Ambiental RD 817/2015, principalmente en cadmio, cobre e zinc.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Faise necesario lembrar aquí que estes metais pesados son bioacumulativos e tenden a se concentraren nos tecidos dos seres vivos ó longo da cadea trófica. Logo soamente hai que lle dar tempo ó tempo para que fagan o seu traballo de alteracións fisiolóxicas e mesmamente xenéticas.

Mais a pregunta que nunca nos foi respondida polo goberno, era sobre a propiedade da balsa mineira. Estaban investigando pois parece ser que constituía unha tarefa árdua e difícil.

Polo medio de todo isto houbo unha artimaña que ó final non deu resultado que consistiu en declarar que a balsa era para facer unha minicentral eléctrica, claro que non ten caudal mínimo para este labor pero se colaba...

Na actualidade segue a ser unha ameaza para a saúde das augas e da ría de Noia e vai ser necesario darlle traza. En realidade a balsa son dúas nunha soa. A primeira, a máis antiga, foi, no seu tempo, de decantación para non perder material de valía.

Temos por tanto que coñecer de quen é a balsa, supoñemos que case catro anos dan para moito na investigación da súa propiedade, e temos tamén que saber de quen é a responsabilidade da restauración deste espazo

Ninguén quere na man esa pataca quente. Porque a balsa está aí, orfa de pai e nai, co seu contido mortífero que ninguén quere tutelar e que aínda contén milleiros de Tm. de lodos tóxicos. O seu estado é deplorable e ameaza con rachar outra vez.

E agora volve estar de actualidade a balsa e máis o tema. No Informe da Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos aparece mencionada como espazo a restaurar de urxente execución e supón un tirón de orellas á





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administración competente polo abandono dos temas de restauración mineira e en concreto polo da mina de San Finx.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Determinar dunha vez por todas a propiedade e a responsabilidade da balsa mineira da mina de San Finx.

-Tomar as medidas necesarias para que se traten os lodos da balsa mineira para que deixen de ser un perigo para os cursos de auga e os bancos marisqueiros da Ría de Muros e Noia.

-Tomar as medidas necesarias para que se proceda á restauración do espazo mineiro da citada explotación.”

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/11/2020 10:26:44

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 10:26:47

Rosana Pérez Fernández na data 16/11/2020 10:26:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a necesidade dunha intervención pública da factoría de Alcoa en San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o 17 de outubro do 2018 a empresa Alcoa anunciara aos cadros de persoal da Coruña e Avilés, así como publicamente, a súa intención de pechar as instalacións da empresa foron diversas as demandas das e dos traballadores e os debates políticos arredor de como arbitrar unha saída que supoña o mantemento dos postos de traballo e da actividade industrial, ao considerar o sector do aluminio como estratéxico.

Unha preocupación e unha mobilización que se estendeu a Alcoa-San Cibrao, que desde entón tivo enriba a espada de Damocles dun posible peche e que afrontou diversos episodios de redución da produción.

No verán de 2020 fóronse precipitando os acontecementos e malia que o 13 de agosto Alcoa adoptaba o compromiso de asumir o papel de mediación das administracións galega e estatal para unha posible compra, a realidade dos feitos posteriores amosou a pouca disposición do grupo malia a existencia de ofertas sobre a mesa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación e a través de iniciativas do Bloque Nacionalista Galego, tanto o Congreso dos deputados como o Parlamento de Galiza aprobaban levar a cabo a intervención pública temporal para a súa posterior venda a un inversor privado que garanta un proxecto industrial viable, para o mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo na factoría de Alcoa en San Cibrao.

A día de hoxe, os días seguen a pasar e seguimos a ver como a administración española e a galega continúan dándolle as costas ao problema e incumprindo o acordo político ao que se chegara en ambas as dúas cámaras.

A este contexto é necesario engadirlle o feito de que o pasado catro de novembro o TSXG emitiu un auto no que lle ordenaba á empresa Alcoa absterse de levar a cabo calquera actuación dirixida a facer efectiva a parada das cubas.

Ante esta situación tan extrema cómpre levar a cabo os acordos obtidos no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para evitar un peche que tería unhas consecuencias brutais e recordarlle aos poderes públicos a necesidade de ter un papel activo na economía e apostar pola intervención pública, viable no ordenamento xurídico galego, estatal e europeo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno central a intervención pública na factoría de Alcoa en San Cibrao, inicialmente de forma transitoria, coa fin de asegurar o mantemento do





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

emprego e da actividade industrial e facilitar a súa posterior venda a un inversor privado que garanta un proxecto industrial viable.

2. Comprometer o seu apoio a esta actuación e demandar do goberno central a súa participación no proceso de intervención.”

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 16/11/2020 10:30:18

Ramón Fernández Alfonso na data 16/11/2020 10:30:28

María do Carme González Iglesias na data 16/11/2020 10:30:37





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 16/11/2020 10:30:45

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2020 10:30:56



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O Consello de Europa leva anos censurando nos seus informes sobre o uso das linguas minoritarias a perda de presenza do galego no ensino causada pola política lingüística da Xunta de Galicia, que non respecta os dereitos das persoas respecto da súa propia lingua. O último informe é moi recente, de novembro de 2019, e nel acusa ao Goberno autonómico de incumprir a Carta Europea de linguas minoritarias.

O comité de expertos para a Carta Europea considera que os límites que establece o chamado Decreto do plurilingüismo de 2010 están claramente en contradición cos compromisos adquiridos polas autoridades españolas e galegas de facer o galego a lingua predominante na ensinanza, insistindo en que isto non se cumpre en ningún dos niveis educacionais.

Os datos que recolle o Instituto Galego de Estatística mostra unha situación moi preocupante sobre o uso do galego entre a poboación máis nova, con cifras cada vez menores de coñecemento e uso do noso idioma en rapaces e rapazas de 5 a 14 anos: unha terceira parte recoñece non saber escribilo e o 20 % asegura non saber nin falalo nin lelo.

A pesar destas cifras, o Goberno galego ten denunciado en múltiples ocasións o alarmismo dos partidos da oposición e de boa parte da cidadanía asegurando que o modelo trilingüe é o idóneo e non causa problemas. Descoñecemos a que problemas se refiren cando é obvio que as competencias da poboación máis nova en castelán non están en cuestión e cando esa rapazada case hoxe ten máis coñecemento dun idioma estranxeiro que do seu propio.

Para dar cumprimento non só ao que marca o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade polo Parlamento galego en 2004, senón tamén á Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, a nova lei educativa que se está tramitando no Congreso dos Deputados propón un ensino que garanta as competencias nas linguas oficiais de cada territorio.



En concreto, reza: “as administracións educativas garantirán o dereito do alumnado a recibir ensinanzas en castelán e nas demais linguas cooficiais nos seus respectivos territorios, de conformidade coa Constitución española, os estatutos de autonomía e a normativa aplicable”. Na mesma lei asegúrase que ao finalizar a educación básica, “todos os alumnos e alumnas deberán alcanzar o dominio pleno e equivalente na lingua castelá e, no seu caso, na lingua cooficial correspondente”.

Con esta nova lei educativa preténdese así establecer medidas compensatorias cando se detecte que nunha das dúas linguas non se adquiriron as competencias pertinentes, asegurándose que ao final da etapa educativa o alumnado teña as mesmas competencias en castelán que, no noso caso, en galego.

Por todo o exposto, e co fin de garantir a normalización da lingua galega en Galicia e de cumprir os criterios do Consello de Europa o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

1º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- a) Dar cumprimento ao advertido polo Consello de Europa na Carta Europea de Linguas Minoritarias con respecto á lingua galega no ensino.
- b) Asegurar no ámbito educativo as plenas competencias en lingua galega do alumnado.
- c) Presentar ao remate de cada curso escolar un informe de avaliación das competencias do alumnado en lingua galega.

2º. O Parlamento galego acorda manifestar o seu apoio á nova lei educativa do Estado en materia de ensinanza das linguas cooficiais que se está a tramitar no Congreso dos Deputados e que garante o dereito do alumnado a recibir ensinanzas nas súas linguas oficiais.

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/11/2020 11:00:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/11/2020 11:00:30





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 11:39:42
Nº Rexistro: 5368
Data envío: 16/11/2020 11:39:42.916

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/11/2020 11:00:53

CSV: BOPGDSPGuKfKU05zX3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Carmen Aira Díaz, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a dixitalización do rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende Europa estase a pular pola dixitalización dos territorios como posibilitadora de relacións, persoais, profesionais, económicas.

Por outra banda, Galiza precisa desta dixitalización máis que comer, pola dispersión xeográfica, pola orografía, polas distancias aos grandes grupos de poboación... porque para fixar poboación no rural (o interior da Galiza) e que poidan establecer negocios, ou distribuír a súa produción, máis que canles de comunicación físicas xa se precisan canles dixitais....

Todo isto agravouse coa COVID, porque a fenda tecnolóxica fai que non todas as criaturas teñan o mesmo dereito á educación, por poñer só un exemplo.

Dende Europa fálase da Digital Transformation á que está destinada unha cantidade de millóns de euros máis que interesante 9.200 millóns de € para transformar a sociedade e a economía en Europa cara á dixitalización e 3.000 millóns de € para financiar a infraestrutura da conectividade dixital.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está claro que Galiza non pode quedar fóra disto, e non se trata de encargarlle a dixitalización a telefónica para a implantación do 5G en núcleos de 300hab.... fálase dunha cobertura en 4G ou 5G coma se os múltiples núcleos da Galiza foran de 300 ou máis habitantes...

Na maioría dos núcleos rurais a conexión a internet segue a ser por satélite, en 3G e servido nun pack na que a única que pode ter servizo e prezos competitivos é a monopolista Movistar.

Oferta bastantes boas capacidades e velocidades pero aféctase por todo, se chove moito cae a conexión, se hai néboa tamén, se hai tronada tamén.... cae tamén o Whatsapp e o único que se pode facer é saír do pobo para soltar o 3G e engancharte ao 4G.

Hai que dicir que o paquete ao que a poboación non pode deixar de subscribirse custa 76 € ao mes... por se serve de algo mencionalo, porque a conectividade sen prezo non é tampouco o recomendable.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a establecer os mecanismos necesarios para que na Galiza rural exista unha cobertura de TDT, de conexión móbil e de conexión a internet con banda ancha que non estableza diferencias entre as persoas, sexan nenas, empresas ou particulares polo lugar onde vivan, máxime cando haberá fondos europeos no 2021-2017 que permitirán este impulso sempre e cando o goberno da Xunta de Galiza estea ao quite para non deixar a Galiza atrás.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2020 12:27:17

Daniel Pérez López na data 16/11/2020 12:27:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/11/2020 12:27:32

María do Carme González Iglesias na data 16/11/2020 12:27:42

María del Carmen Aira Díaz na data 16/11/2020 12:27:48



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

E en concreto no seu artigo 8 se establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperaran nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Tamén no seu artigo 59 establece que a Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico sinalando que a Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para o asinamento de convenios de colaboración cos concellos para a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e na xestión de biomásas das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2.

Nese marco, a Consellería de Medio Rural ofrece ás entidade locais de Galicia colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa financiado por fondos propios da Comunidade Autónoma e para a realización de traballos de prevención de forma manual financiado con fondos Feader.

Os traballos a realizar, tanto tratamentos preventivos de xeito mecanizado como traballos de prevención das brigadas de forma manual, planifícanse a través dun



único programa de actuacións preventivas a presentar pola entidade local, programa que é revisado polo Distrito forestal ao que pertenza o concello.

As entidades locais a súa vez, comprométese a dispor de brigadas compostas de 4 ou 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable ou coordinador do funcionamento das mesmas as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal que pertenza a entidade local. Sendo gastos subvencionables nas accións de vixilancia e extinción dos custes salariais, os recoñecementos médicos e probas de esforzo previas á contratación, e os cursos de formación impartidos con anterioridade ao inicio dos traballos da brigada.

Os convenios de colaboración subscritos dende o ano 2016 o 2020 foron dotados polo Goberno galego, en concreto pola Consellería de Medio Rural, coa mesma contía económica, obviando a subida do SMI que de produciu no ano 2019 a 900 euros e a subida da SMI a 950 euros do ano 2020, que repercutiu directamente no custe que asumen os concellos e supón, no caso de contar con dúas brigadas, un incremento en gastos de persoal de arredor de 7000 euros respecto do afrontado dous anos atrás.

Doutra banda, a Consellería vén arrastrando nos últimos exercicios un retraso inxustificable e extraordinariamente anómalo na transferencia das cantidades conveniadas, unha vez recibida xustificación por parte dos concellos (a día de hoxe aínda hai quen non recibiu a parte do anticipo sendo habitual o caso de concellos que non cobraron a totalidade da campaña pasada a piques ou iniciada xa a campaña actual) coa carga que elo supón para as economías xa minguadas das arcas locais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que no orzamento do ano 2021 incremente a dotación da partida consignada para os convenios de participación na prevención e defensa contra incendios forestais cofinanciados parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia, a tenor da subida salarial producida no SMI nos anos 2019 e 2020.



2. Que faga fronte ao pago das cantidades acordadas coa celeridade razoablemente esixible que evite prexuízos e angurias orzamentarias ás contas municipais.

Pazo do Parlamento, 16 de novembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/11/2020 12:45:27

Martín Seco García na data 16/11/2020 12:45:36

Juan Carlos Francisco Rivera na data 16/11/2020 12:45:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/11/2020 12:45:53

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/11/2020 12:46:03





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a sentenza de readmisión do alumnado da escola de Verducido, no concello de Pontevedra

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de setembro, co comezo do curso escolar, o alumnado de primeiro curso de primaria da escola de Verducido (Pontevedra) e as súas familias recibiron a comunicación de que a escola perdera a habilitación para primeiro curso de primaria e que debían ser escolarizadas noutro centro.

As familias e a ANPA presentaron recurso diante desta decisión da consellaría de Educación xa que non lles foi comunicada con antelación suficiente e polos procedementos normativos, polo cal se vulneraron os seus dereitos. E o xulgado do contencioso-administrativo número 1 de Pontevedra ditou sentenza na que obriga á Xunta a dotar a escola dos medios necesarios para impartir primeiro de primaria, nun prazo máximo de dez días desde que a sentenza sexa firme.

A sentenza é moi crítica e moi dura coa administración autonómica xa que indica que a actuación da consellaría de Educación é incompatíbel co exercicio do dereito fundamental á educación posto que suprimiu a unidade de primaria logo de que finalizase o prazo de matrícula, sen instruír o conseguente procedemento administrativo





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e sen notificar ás afectadas unha resolución definitiva motivada e sen concederlles un prazo para elixir outro centro e matricularse nel.

Estamos diante dun novo ataque da Xunta de Galiza contra a escola rural, neste caso contra un centro que é un referente pedagóxico innovador, integrador e dinamizador d súa contorna, que foi obxecto de numerosos recoñecementos e premios. E este ataque prodúcese cando a situación epidemiolóxica provocada pola COVID 19 máis aconsella a escolarización de proximidade e en centros con pouco alumnado. E por se fose pouco, faise sen respectar aos procedementos legais establecidos, atentando contra os máis elementais dereitos das familias e das nenas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Restablecer a legalidade no prazo máis breve posíbel e garantir o dereito á educación para o alumnado matriculado en primeiro de primaria na escola de Verdudido (Pontevedra)
2. Recoñecer e apoiar o proxecto educativo integrador e innovador da escola rural de Verdudido.
3. Abrir unha investigación e depurar responsabilidades pola actuación irregular da administración educativa e pola vulneración de dereitos a que deu lugar.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Pedir desculpas ás familias e á comunidade educativa e traballar conxuntamente con todas as partes para garantir a continuidade do primeiro ciclo de educación infantil na escola de Verducido.”

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/11/2020 13:06:13

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2020 13:06:20

Daniel Castro García na data 16/11/2020 13:06:30

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 13:06:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, solicita a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro **5393**.

No punto 4, onde dí: “primeiro ciclo de educación infantil”

Debe dicir: “primeiro ciclo de educación primaria”.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Manuel Lourenzo Sobral
Mercedes Queixas Zas
Daniel Castro García
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 20/11/2020 11:39:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/11/2020 11:40:08

Mercedes Queixas Zas na data 20/11/2020 11:40:15

Daniel Castro García na data 20/11/2020 11:40:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez que unha xeadá tardía, un trebón con pedrazo, un ataque de mildeu desmesurado... unha pasaxe onde as perdas agrarias raian na catástrofe xorde o debate sobre axudas directas ou axudas ós seguros agrarios.

Chegados a este punto o posicionamento da Xunta de Galicia do PP é tan incomprensible que chegamos a preguntarnos se non haberá algún xeito de negocio polo medio.

Dise que o sistema de seguros agrarios no estado español nace na chamada Transición a raíz dos Pactos da Moncloa e que foi unha ensalada aliñada pola Dirección General de Seguros e Facenda que montaron todo sen contaren cos clientes, labregos/as e gandeiras/os.

Desta maneira os agricultores e as agricultoras cobren entre o 55% e o 35% da prima do seguro e o resto está subsidiado polo Estado e os gobernos autónomos.

Trátase pois dun pool que copa todo o mercado, situación esta que agacha un monopolio real ó ser Agroseguro a única opción de asegurar aspectos agrarios na actualidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal vez sexa esta condición de única opción quen leve a Agroseguro a non flexibiliza-las características das pólizas para adaptalas ás diferentes realidades agrarias e gandeiras do estado. E así os labregos e gandeiras galegos, unha vez máis, séntense discriminadas debido ós anacronismos e irregularidades que provocan que os seguros agrarios en Galicia teñan unha porcentaxe de pólizas tan exíguo.

Para que un invernadoiro asegurado poida optar ó resarcimento de perdas ocasionadas polo vento, este non pode supera-los 70km/hora porque para Agroseguro máis desta velocidade é temporal e xa non paga, co cal o agricultor se non se declara zona catastrófica queda sen cobertura. Claro que en Galicia episodios con ventos de máis de 70km/hora son frecuentes ó longo do ano.

Se asegura o cultivo de pataca so se contempla unha colleita cando é frecuente que en zonas de Galicia se dean dúas. Tamén no caso dos invernadoiros é Agroseguro quen marca as características dos mesmos pasando de seren instalacións (facilmente desmontables) a construcións con zapatas de cemento riostradas nas cabezas que precisan de proxecto, colexio de arquitectos etc. En Galicia os invernadoiros móntanos os agricultores e non unha empresa especializada e o seguro así non dá cobertura.

Pero o colmo da arbitrariedade está en que un agricultor que subscriba unha póliza sobre fincas e que sexa directivo ou membro dun Tecor queda excluído do agroseguro.

Son tales as arbitrariedades para coa realidade de Galicia froito do descoñecemento das singularidades dos nosos sectores agrícolas e gandeiros que a subscrición de pólizas é mínima a pesar dos intentos da administración por aumentar esta porcentaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que medie diante de Agroseguro para que previa consulta cos diferentes sectores agrogandeiros de Galicia adapte as condicións das pólizas ás distintas realidades dos mesmos.”

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2020 13:14:10

María González Albert na data 16/11/2020 13:14:14

María del Carmen Aira Díaz na data 16/11/2020 13:14:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/11/2020 13:14:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a atención sanitaria no PAC de Meira e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PAC de Meira presta servizo a seis concellos. Ademais da propia localidade na que se atopa, atende os concellos da Ribeira de Piquín, Pol, A Pastoriza, A Pontenova e Riotorto. En total dá cobertura a máis de 10.500 persoas dunha área xeográfica que se estende por 623 quilómetros cadrados.

O PAC de Meira precisa dun incremento de persoal pois o actual é claramente insuficiente para prestar a atención sanitaria que se require. A modo de exemplo, cando o persoal facultativo ou de enfermaría ten que desprazarse até un domicilio ou acompañar un doente no desprazamento até o HULA, o centro fica ao descuberto durante bastante tempo tendo en conta, alén do máis, as distancias dentro dunha área xeográfica tan extensa.

De facto, hai apenas un ano a veciñanza mobilizouse ás portas do centro para demandar o incremento de persoal. Unha demanda que se estende tamén á atención pediátrica que comparten diversos concellos. E é que o pediatra de Meira (que corresponde tamén á escasísima poboación infantil da Ribeira de Piquín e Riotorto) atende tres días á semana no concello da Pastoriza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En diversas ocasións nas que a pediatra estivo de baixa ou se ausentou uns días no exercicio dos seus dereitos laborais, a praza ficou sen cubrir sendo as crianzas derivadas aos médicos de familia, ao pediatra de Vilalba ou mesmo ao HULA.

Esta situación, tanto a falta de persoal no PAC como no propio centro de saúde, é unha mostra do desmantelamento que se está a producir na Atención Primaria nos últimos anos máis aínda nos concellos do rural.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dotar o PAC de Meira do persoal necesario para prestar, coa máxima calidade, atención sanitaria aos concellos de Meira, A Ribeira de Piquín, Pol, A Pastoriza, A Pontenova e Riotorto así como a garantir a atención pediátrica no centro de saúde.”

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 16/11/2020 13:25:54

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2020 13:26:06

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2020 13:26:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Alexandra Fernández Gómez, Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de determinar a resolución de someter o Plan Especial de Labañou M-18 ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de agosto a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda recibiu un escrito do Concello da Coruña no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do “Plan especial Labañou PE M-18”, aprobado polo Goberno Local do Concello da Coruña na súa sesión plenaria do 29 de xullo de 2020.

Unha vez avaliada a documentación recibida por parte do Concello, o pasado 24 de agosto a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda deu inicio ao trámite de consultas públicas ás administracións públicas, ás persoas interesadas e ao público en xeral, no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada e por un prazo de dous meses. Neste procedemento foron moitos os colectivos da cidade que se posicionaron de forma contraria, sumándose un total de máis de 46 entidades veciñais, ecoloxistas, culturais, deportivas, cívicas, políticas, etc. O grande número de entidades que participaron posicionándose de forma contraria, así como as distintas concentracións de oposición ao





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proxecto que se veñen sucedendo no concello da Coruña, poñen de manifesto o amplo rexeitamento social que xera este proxecto urbanístico, coñecido popularmente como “As Percebeiras”.

O “Plan Especial Labañou PE M18” é unha actuación de ocupación do solo intensiva no bordo litoral cun grande impacto ambiental, paisaxístico e urbano que non responde ás necesidades actuais da poboación, que incumpre a normativa vixente e que resulta de todo contraria ás estratexias impulsadas polas administracións públicas na procura de modelos sustentables na urbanización e dos seus principios máis básicos. De aí a oposición por parte de diferentes colectivos sociais da cidade da Coruña ao consideraren que responde a criterios que nada teñen que ver co interese xeral, senón a un modelo de urbanización e transformación do solo, que lamentablemente vén sendo amplamente practicado nas últimas décadas e que se coñece como “pelotazo urbanístico”.

As motivacións que se agochan na aprobación deste Plan Especial, que suporían a construción de 55.762 metros cadrados, dos cales 46.336 serían destinados á construción de 371 vivendas e 9.425 metros a uso terciario comercial; non se axusta a unha necesidade real de vivenda nova de promoción privada, senón que responde a intereses exclusivamente lucrativos da empresa promotora.

Se ben é certo que neste momento existe un problema en canto á inaplicación do dereito á vivenda, o problema reside, fundamentalmente, por un lado na falta de vivenda pública en réxime de alugueiro por parte da administración galega e, por outro, na necesidade de mobilizar as máis de 19.000 vivendas baleiras que se teñen contabilizado no último censo para A Coruña. Por tanto, as medidas para dar resposta á necesidade de vivenda asequible non pasan por aumentar o parque de vivenda senón pola intervención sobre o parque inmobiliario construído, que debe ser a opción preferente para dar





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

resposta á demanda vivenda accesible. As administracións públicas teñen instrumentos legais para reordenaren o actual parque de vivendas favorecendo o incremento de vivenda pública, especialmente en réxime de alugueiro, que permita mellorar o acceso á vivenda.

O aumento do parque de vivendas tampouco se xustifica nunha previsión de aumento demográfico que faga prever un crecemento futuro que supere a capacidade do actual parque inmobiliario. Entre 2009 e 2019 a evolución da poboación na Coruña sufriu un lixeiro descenso. Cómpre recordar que o Plan Especial Labañou M18 foi concebido no marco do PXOM de 2013, cuxas previsións demográficas, despois de 7 anos de desenvolvemento, podemos certificar que difiren da realidade da evolución demográfica da cidade. O PXOM de 2013 contemplaba para o 2025 unha previsión demográfica de 310.000 persoas, unha cifra que non se corresponde coa actual evolución. É por iso que o Plan Especial Labañou M18 debe ser reconsiderado tendo en conta unhas previsións realistas da evolución demográfica e a capacidade actual do parque de vivendas baleiras de ofrecerse como a alternativa máis sostible para garantir o acceso á vivenda. Tal e como sinala o Documento Ambiental Estratéxico, a creación de vivenda protexida debe estar xustificada e, neste caso, a xustificación apenas reside nunhas previsións de crecemento demográfico que, fóra do papel, non se sustentan.

Pola contra, si existe unha demanda xustificada da necesidade de incrementar as superficies públicas dedicadas a zonas verdes e espazos libres, co obxectivo de acadar o ratio de zonas verdes por habitante que aconsella a UE. Isto permitiría tamén avanzar na liña que marca a Estratexia de Infraestrutura Verde que o propio Goberno da Xunta está a defender. Ademais, o emprazamento seleccionado, polo seu alto valor paisaxístico, xa que é unha das escasas zonas abertas litorais que existen na contorna, supoñen unha oportunidade para dotar a cidade dunha zona verde de alta calidade urbana.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para alén das evidentes visións contrapostas sobre o modelo de cidade, o rexeitamento social aséntase nunha forte xustificación legal, xa que o Plan Especial incumpre con numerosa normativa vixente.

En primeiro lugar prodúcese un incumprimento claro dos prazos marcados polo PXOM. Precisamente para evitar o desfase que se pode dar entre as previsións iniciais da planificación e o contexto concreto no que se executan os plans, as normas urbanísticas do PXOM de 2013 establecen un límite de tempo máximo de seis anos para o desenvolvemento de solo nos ámbitos cuxa ordenación detallada se remita ao Planeamento de Desenvolvemento. Neste momento, pasados sete anos dende a aprobación do PXOM, o desenvolvemento urbanístico que se propón atópase fóra do prazo máximo establecido.

En segundo lugar, o PE M-18 supón unha infracción das normas de aplicación directa. A ordenación proposta, pola súa situación, masa e altura dos edificios supón un grande impacto paisaxístico que incumpre claramente cos criterios establecidos na lexislación urbanística galega con prevalencia sobre o planeamento. O Plan entra en contradición tanto coa Lei do solo como coas directrices de ordenación do territorio para a protección da paisaxe aberta, nas que se establece a prohibición da implantación daquelas construcións que rompan coa harmonía da paisaxe ou desfiguren a perspectiva propia desta, así como a necesidade de evitar a conformación de pantallas arquitectónicas na franxa litoral, tal e como sucede neste caso. Estas normas son reforzadas de forma específica e concreta no Plan de Ordenación Litoral, no seu art. 61, que opera como sobrecondicionante dos parámetros atribuídos polo PXOM e que a proposta de ordenación incumpre. Para lle dar cumprimento ás Normas de Aplicación Directas sería precisa unha avaliación do impacto paisaxístico que non pode realizarse mediante o actual Documento Ambiental Estratéxico en trámite, por non conter un estudo do impacto e integración paisaxística ao non ser requirido no procedemento de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

avaliación simplificada, o que suporía unha valoración parcial a respecto dun contido contradictorio coas normas de aplicación directa antes mencionadas.

Por último, o desenvolvemento do Plan Especial de Labañou M18 é contrario a varios dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles, aprobados pola ONU e subscritos polo Estado Español, entre outros no relativo a unha urbanización inclusiva e sostible, á protección e salvagarda do patrimonio cultural e natural e á redución da contaminación.

Sobre este último cómpre resaltar que os impactos negativos que tería o incremento poboacional de 965 persoas sobre a mobilidade tanto do propio barrio coma no conxunto urbano, no Documento Ambiental Estratéxico non aparecen debidamente recollidos nin previstos os seus impactos sobre a calidade de vida dos veciños e das veciñas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a determinar a resolución de someter o Plan Especial de Labañou M-18 ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.”

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 16/11/2020 14:02:25

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2020 14:02:34

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 14:02:47



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos:

O Camiño de Santiago, nas súas diferentes rutas, cruza estradas de diversa titularidade. Os cruces entre as rutas dos camiños e as diferentes estradas é un dos puntos máis perigosos para a seguridade viaria dos peregrinos.

As solucións para dotar de maior seguridade a estes puntos negros pasan pola mellora da súa sinalización, garantir a súa visibilidade e/ou a construción ou mellora de pasos peonís, pasarelas elevadas ou pasos subterráneos que garantan a seguridade da persoa que peregrina ou transita por eles.

A proximidade do comezo do ano Xacobeo 2021, é unha oportunidade para a mellora viaria duns camiños, cada vez máis concorridos e nos que non soamente transitan peóns senón que podemos atopar peregrinos en bicicleta, ou cabalo e, de xeito especialmente destacable, persoas con discapacidade que usan cadeiras e rodas ou outro tipo de axudas á mobilidade ou transporte para facer a súa peregrinación.

O listado de puntos negros e cruces, en estradas de titularidade estatal que precisan unha actuación da administración do Estado afecta a diversas rutas do



Camiño de Santiago tanto no Camiño Francés, no Camiño de Inverno, no camiño do Norte ou na Vía da Prata.:

A este respecto o Goberno do Estado ven de presentar o proxecto de PGE no que non se contemplan partidas orzamentarias específicas para acometer esta actuación tan necesaria e demandada, non só para o Xacobeo 2021, senón para a próxima década xacobeá 2021-2032, década na que se celebrarán tres anos xacobeos: 2021-2027-2032.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España que realice as obras necesarias de sinalización, iluminación e/ou mellora dos pasos peonís, construción de pasarelas ou pasos subterráneos, no trazado da rede estatal de estradas que cruzan os diferentes camiños de peregrinación antes sinalados na Comunidade Autónoma de Galicia”.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/11/2020 14:13:03

Borja Vereza Fraiz na data 16/11/2020 14:13:15

Marta Nóvoa Iglesias na data 16/11/2020 14:13:29

Cristina Sanz Arias na data 16/11/2020 14:13:49

José Antonio Armada Pérez na data 16/11/2020 14:14:06

Ovidio Rodeiro Tato na data 16/11/2020 14:14:31

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/11/2020 14:14:41

Sandra Vázquez Domínguez na data 16/11/2020 14:14:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos:

A celebración do “Año Santo Xacobeo 2021” ten a consideración de acontecemento de excepcional interese público aos efectos do disposto no artigo 27 da ley 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. A celebración deste Ano Santo servirá como elemento de recuperación económica de Galicia e como referente na exaltación dos valores humanos e de hospitalidade.

Galicia, tomando a iniciativa, achega a maioría dos proxectos que desenvolve o Consejo Xacobeo no marco do Xacobeo 2021, liderando a remisión de propostas a este órgano de coordinación entre as autonomías polas que pasa o Camiño de Santiago e o Goberno central.

Desde inicio deste ano o Goberno estatal leva destacando a “total implicación” na celebración do Xacobeo2021 falando de investimentos que non se ven materializados nos PXE.

Os PGE no inclúen novos plans, preparación ou orzamentos concretos para o Xacobeo2021 por parte do Goberno Central. As únicas mencións explícitas ao Camiño de Santiago/Xacobeo 2021 son do Ministerio de Fomento herdadas do goberno de Rajoy



Polo tanto, coa actitude pasiva do Goberno, unha vez máis estase perdendo unha gran oportunidade para o conxunto de España.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

- Demandar do Goberno de España unha implicación real coa celebración do Xacobeo 2021, investindo no desenvolvemento pleno do Ano Santo como motor dunha recuperación transversal e implicándose directamente con novas propostas e proxectos, máis agora no contexto no que nos atopamos na actual situación sanitaria.
- Instar ao Goberno de España a materializar a devandita implicación con novos investimentos consignados de forma explícita e finalista nos PGE”.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/11/2020 14:35:47

Borja Vereza Fraiz na data 16/11/2020 14:36:04

Marta Nóvoa Iglesias na data 16/11/2020 14:36:19

Cristina Sanz Arias na data 16/11/2020 14:36:35

José Antonio Armada Pérez na data 16/11/2020 14:36:50

Ovidio Rodeiro Tato na data 16/11/2020 14:37:35

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/11/2020 14:37:46

Sandra Vázquez Domínguez na data 16/11/2020 14:38:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos:

Galicia conta cunha grande variedade e riqueza de augas mineiro-medicinais de alta calidade que, xunto a profesionais cualificados e unhas modernas instalacións fan da nosa Comunidade a primeira potencia termal de España e a segunda de Europa, co maior número de floracións termais, con máis de 300 en todo o territorio, algunhas das que deron lugar aos 21 balnearios que temos.

Desde o goberno galego somos conscientes do grande poder tractor do termalismo para o desenvolvemento económico do noso territorio, especialmente gracias ao seu gran impacto desestacionalizador.

A nosa oferta se caracteriza, ademais de pola súa diversificación e distribución nas catro provincias, pola súa gran calidade certificada. Máis do 60% da oferta termal coa que contamos son establecementos con catro e cinco estrelas.

Esta enorme riqueza termal, unida ao traballo conxunto co sector e a aposta por un produto turístico estratéxico para Galicia, estanos a permitir situarnos á cabeza da



oferta termal a nivel nacional e ser un dos grandes referentes a nivel europeo e internacional.

Neste contexto, o Goberno galego desenvolveu nos últimos anos dous plans, Ourense, provincia termal e o Plan de turismo de Saúde e Termal de Galicia.

Pero agora enfrontámonos a unha situación inédita que ten paralizado as nosas expectativas para este año. O 23 de setembro o Goberno de España suspendeu os programas do Imsero de turismo social para persoas maiores e mantemento do emprego en zonas turísticas para a tempada 2020/2021, e tamén o programa de termalismo para la temporada 2020

Nos PGE a proposta para o próximo ano 2021 é exactamente a mesma que o ano anterior sen ter en conta a suspensión do programa no ano 2020. Non se atende a posibilidade de incrementar as prazas do IMSERSO para o vindeiro ano, sumando as que se consignan no novo presuposto coas que se perderon no 2020.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- Solicitar ao Goberno do Estado a compensar as cancelacións dos programas do IMSERSO con un incremento do número de prazas, como mínimo de ata 40.000, do Programa de Termalismo Social que o IMSERSO ofrece nos balnearios galegos, para o ano 2021”.



Santiago de Compostela, 16 de novembro 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/11/2020 17:04:39

Borja Vereza Fraiz na data 16/11/2020 17:04:52

Marta Nóvoa Iglesias na data 16/11/2020 17:05:03

Cristina Sanz Arias na data 16/11/2020 17:05:19

José Antonio Armada Pérez na data 16/11/2020 17:05:56

Ovidio Rodeiro Tato na data 16/11/2020 17:06:12

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 16/11/2020 17:06:28

Sandra Vázquez Domínguez na data 16/11/2020 17:06:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos:

Como sinal de identidade de “Galicia destino único”, temos o camiño de Santiago e o Xacobeo, que tanto aportou ao turismo de Galicia e que cada ano supera os datos do anterior, en visitantes, e sobre todo nos servizos e actividades que se están a crear e ofertar para atender e satisfacer co selo de excelencia, marca do turismo galego.

O Camiño de Santiago e a tradición Xacobeana representan un modelo de valores, unha referencia universal de concordia, convivencia, esforzo e solidariedade, valores que hoxe cobran máis importancia ca nunca. Esta debe ser a imaxe de marca de Galicia, estes valores son a nosa mellor carta de presentación en todo o mundo, a chave que nos conecta con centos de miles de persoas a escala global.

O Xacobeo debe ser un poderoso motor de creación de riqueza sustentable para Galicia primando a excelencia, calidade e diversidade de públicos, para que poida estenderse ao longo do territorio galego, descentralizar os fluxos turísticos aproveitando os recursos de cada lugar achegando riqueza a todo o territorio e impulsando a cohesión.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A celebración do “Año Santo Xacobeo 2021” ten a consideración de acontecemento de excepcional interese público aos efectos do disposto no artigo 27 da ley 49/2002, de 23 de diciembre, de régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos y de los incentivos fiscales al mecenazgo.

A duración inicial do programa de apoio mediante desgravacións fiscais abarcaba dende o 1 de outubro de 2018 ata o 30 de setembro de 2021, que se ben foi ampliado ata o 30 de setembro de 2022 esta ampliación é considerada insuficiente polo sector que demanda amplialo ata finais de 2023

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do goberno de España a ampliación programa de apoio ao Xacobeo 2021 mediante desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023”

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/11/2020 17:44:21

Borja Vereza Fraiz na data 16/11/2020 17:44:34

Marta Nóvoa Iglesias na data 16/11/2020 17:44:46

Cristina Sanz Arias na data 16/11/2020 17:45:07

José Antonio Armada Pérez na data 16/11/2020 17:45:27

Ovidio Rodeiro Tato na data 16/11/2020 17:45:44

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/11/2020 17:45:56

Sandra Vázquez Domínguez na data 16/11/2020 17:46:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPGuKfKU05zX3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos:

O sector turístico é un dos principais motores económicos de España e tamén de Galicia, tendo un efecto transversal sobre moitos eidos económicos e sociais, sendo un sector “estratéxico” para a economía galega. Os datos económicos o reflicten, así o Turismo é o 12% do PIB nacional e aporta uns tres millóns de empregos de xeito directo ou indirecto. En Galicia, estamos moi preto destes número, chegando ao 10.4% do PIB e 110.000 postos de traballo.

O próximo ano terá lugar a celebración do “Año Santo Xacobeo 2021” que ten a consideración de acontecemento de excepcional interese público aos efectos do disposto no artigo 27 da ley 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo. Trátase dun acontecemento de primeira orde para Galicia e cremos que tamén para toda España. A Xunta de Galicia ten como meta que o próximo Ano Santo sexa un elemento estratéxico e referente na recuperación económica de Galicia, pero non pensando unicamente no Ano Santo de 2021, senón tamén nos próximos Anos Santos 2027 e 2032, a década Xacobeo.



Nos PGE o orzamento que se consigna no marco do Plan de recuperación e resiliencia para "Comercio, turismo e PEMES" é de 1.289,2 millóns de euros. Destes, 150,3 millóns de euros destínanse ás comunidades autónomas.

Sen embargo, chama a atención que non se dedique ningún orzamento específico a Galicia, tendo en conta que o próximo ano é o Xacobeo 2021, como sí se fai con convenios específicos coas CCAA de Canarias, Illes Balears e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla.

Comprobamos que dos PGE non se detrae unha aposta decidida do Goberno do Estado pola recuperación e apoio ao sector turístico como cabía esperar, un sector tan relevante para España e para Galicia, non se da cumprimento ao seu propio Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia y non inclúe a comunidade autónoma galega como debería tendo en conta o próximo ano Xacobeo.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **Proposición non de lei en comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España que, dentro do Plan de Reactivación, Transformación e Resiliencia se inclúan partidas específicas para Galicia, tendo en conta que o vindeiro ano coincide plenamente co Xacobeo 2021”.

Santiago de Compostela, 16 novembro 2020



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/11/2020 17:57:10

Borja Verea Fraiz na data 16/11/2020 17:57:22

Marta Nóvoa Iglesias na data 16/11/2020 17:57:35

Cristina Sanz Arias na data 16/11/2020 17:58:05

José Antonio Armada Pérez na data 16/11/2020 17:58:20

Ovidio Rodeiro Tato na data 16/11/2020 17:59:10

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/11/2020 17:59:20

Sandra Vázquez Domínguez na data 16/11/2020 17:59:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre o contaxio masivo na residencia Doral Residencias de Mos e a necesidade de realizar máis cribados para protexer aos usuarios das residencias de maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Case a metade das mortes como consecuencia da COVID-19 en Galiza producíronse en centros residenciais de maiores. A vulnerabilidade dos doentes fronte a este virus, un sistema de residencias de maiores maiormente privatizado, xunto coa falta de protocolos para afrontar unha pandemia, son algunhas das causas que puideron estar detrás dos primeiros contaxios. Mais pasados oito meses dende a declaración do primeiro estado de alarma, a Xunta de Galiza tivo tempo suficiente para reforzar a seguridade, para aumentar o persoal e recursos e para establecer protocolos claros e eficaces, en definitiva, en tomar todas as medidas necesarias para evitar os contaxios nas residencias de maiores. Porén os contaxios en residencias de maiores seguen sendo continuos e os datos dramáticos: neste momento existen 381 casos de usuarios de residencias infectados e só na tarde de onte coñecíanse tres novas mortes de persoas que residían nun xeriátrico.

Esta semana dábase a coñecer tamén un novo foco de contaxio masivo na que é a maior residencia privada de toda Galiza e que conta con 250 prazas. Na “Doral



Residencias” ubicada en Mos, contabilizáronse un total de 145 contaxiados, dos cales 109 casos producíronse entre usuarios e 36 entre traballadores do centro. Isto supón un 43% dos maiores contaxiados e o 17% da plantilla contaxiada. A situación é extremadamente preocupante e deixa entrever a falta de política anticipatoria, a insuficiencia dos protocolos e en xeral a incapacidade por parte da Consellaría de Política Social para evitar o contaxio entre o colectivo máis vulnerable ao COVID-19 e por tanto o que debería contar cunha especial protección.

O contaxio masivo de máis de 145 persoas na residencia “Doral Residencias” pon de relevo dúas cuestións fundamentais. Por un lado revela as eivas dun modelo de residencias baseado na acumulación dun grande número de usuarios nun único centro. Por outro, demostra a insuficiencia dos mecanismos de detección, xa que case a metade dos usuarios foron contaxiados antes de que se detectase a propagación do virus.

A pesar das cifras dramáticas de contaxios e da preocupación das familias dos residentes, a Conselleira de Política Social asegurou que a situación está controlada e negouse a enviar persoal e a tomar o control e intervir a residencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Presentar un informe no Parlamento onde consten as accións realizadas na residencia Doral Residencia de Mos desde o inicio da pandemia por COVID-19, protocolos, medidas de protección, cribados...





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Aumentar a periodicidade dos cribados de COVID-19 nas residencias de forma que se detecten con maior anticipación e se reduzan os contaxios masivos.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 17/11/2020 09:33:04

María do Carme González Iglesias na data 17/11/2020 09:33:11

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2020 09:33:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte da Xunta de Galiza das repercusións no ámbito financeiro da fusión entre Bankia e CaixaBank, da previsible fusión entre o BBVA e o Banco Sabadell e, en xeral, da posíbel evolución do mercado financeiro após o impacto do coronavirus.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após o impacto do coronavirus o escenario financeiro estatal e internacional apunta a unha cadea de fusións que xa se están comezando a producir. Isto, ademais, parece ser a antesala dun proceso de fusións supranacionais que suporán un chanzo sen precedentes na concentración e oligopolización bancaria.

Cómpre recordar que no mes de setembro, a última hora do xoves 3, coñecía-se a confirmación oficial por parte das direccións de Bankia e Caixabank de negociacións conducentes á fusión. Case a media noite a Comisión Nacional do Mercado de Valores facía públicos escritos de sendas entidades comunicando, acorde co previsto no artigo 227 do texto refundido da Lei do Mercado de Valores (RD 4/2015) a existencia de negociacións e estudos para unha posíbel fusión, confirmando así as novas que xa aparecían en diferentes medios de comunicación. De prosperar esta operación, como parece previsíbel cara o primeiro trimestre de 2021, o grupo resultante contaría con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

activos por 650.000 millóns de euros e pasaría a ser o maior banco do mercado estatal por diante do Santander ou do BBVA.

O pasado 16 de novembro de 2020 coñecíase que o BBVA e o Banco Sabadell tamén camiñaban cara unha posíbel fusión. Neste caso, o banco resultante tería un volume de activos de máis de 950.000 millóns de euros e un tamaño moi similar ao resultante da unión entre CaixaBank e Bankia.

Cómpre recordar como a crise financeira que explota no ano 2008, lonxe de supoñer unha oportunidade no camiño de reforzar a transparencia, a intervención, o control e tutela pública para evitar novas burbullas financeiras, supuxo o contrario. Nos anos seguintes as medidas impulsadas no ámbito do Estado español por parte de PP e PSOE supuxeron unha reestruturación que avanzou na concentración e centralización do sector. Desta maneira asistimos á privatización e bancarización das caixas de aforros, á redución de entidades e a un complexo proceso de concentración bancaria que chega até a actualidade acompañado dunha gran perda de emprego e de peche de oficinas e dunha transformación do sector, cada vez máis enfocado á colocación de produtos financeiros e con graves problemas de exclusión financeira dun volume cada vez máis grande de poboación, ben por falta de servizos, como acontece en moitas poboacións, ben polas condicións abusivas de acceso.

Entre outras consecuencias, un informe elaborado pola Comisión Galega da Competencia respecto da concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia até o 31 de decembro de 2016 advertía xa duns índices de concentración superiores á media estatal e europea. Posteriormente ao ámbito temporal do informe aínda tiveron lugar procesos como a compra por un euro do Banco Popular por parte do Santander no ano 2017. Estamos polo tanto diante dun proceso que continúa e que após o impacto da pandemia do coronavirus prevé unha nova fase de fusións e polo tanto de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aumento da concentración bancaria e redución da oferta no mercado. Esta vía é mesmo alentada por parte de organismos internacionais como o Banco Central Europeo (BCE), como amosan declaracións recentes do seu vicepresidente e ex ministro Luís de Guindos situando as fusións como urxentes diante dos danos “estruturais” da pandemia.

Así mesmo, cómpre recordar que Bankia foi unha das beneficiadas do rescate bancario que custou xa ás arcas públicas estatais máis de 65.000 millóns de euros. Concretamente, Bankia foi rescatada no ano 2012 por 24.069 millóns de euros dos que oito anos despois tan só foron recuperados 3.303. Así mesmo, a finais de 2019 o propio Banco de España calculaba como recuperábeis en Bankia tan só 9.560 millóns. O contexto acelerado pola pandemia e a posibilidade da fusión botan novas dúbidas sobre as posibilidades reais de recuperación do investimento público, e novas dúbidas sobre a utilidade do mesmo.

Diante desta situación, o FROB, que posúe un 61,8% del capital de Bankia, afirmaba que se estudaría a eventual fusión atendendo a factores como “a xeración de valor e a optimización na recuperación das axudas proporcionadas”. Porén, a día de hoxe falta unha posición clara por parte das administracións responsábeis e un compromiso coa recuperación dos recursos públicos investidos no rescate bancario así como coa intervención pública para evitar novas consecuencias negativas froito da concentración bancaria.

Nestes momentos, tanto o Banco Central Europeo como o Banco de España apuntan ás fusións como única saída na crise da covid-19 e no marco dun deseño financeiro claramente conducido cara grandes oligopolios.

É necesario que a Xunta de Galiza faga seguimento destas situacións concretas e, en xeral, das mudanzas que afecten de forma directa e indirecta ao mercado





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

financeiro galego en todos os ámbitos, da competencia á exclusión financeira pasando polo traballo ou os dereitos das e dos consumidores.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar no prazo máximo de 2 meses, contando coa participación da Comisión Galega da Competencia e do Consello Económico e Social, un estudo completo respecto das consecuencias en Galiza da concentración bancaria e a previsión do impacto da crise do coronavirus. Dito informe remitirase ao Parlamento Galego para o seu debate.

2. Demandar do goberno central o establecemento de condicións que obriguem á devolución íntegra das axudas e avais públicos concedidos ás entidades financeiras.

3. Demandar do goberno central as modificacións legais oportunas para esixir ás entidades financeiras unha rede mínima de oficinas e atención ao público ao longo do territorio segundo a súa implantación.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 17/11/2020 10:19:30

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/11/2020 10:19:46

Daniel Pérez López na data 17/11/2020 10:19:57

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2020 10:20:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de medidas de protección para o persoal Técnico de Emerxencias Sanitarias, TES, do Transporte Sanitario Terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal Técnico de Emerxencias Sanitarias que presta o seu servizo no Transporte Sanitario Terrestre, tanto do servizo urxente como do programado, pese a que no seu traballo están en primeira liña de posibilidade de contaxio coa COVID-19, están fora do programa de detección precoz que se realiza mediante a realización de probas periódicas tipo PCR ou detección de antíxenos polo sistema “pooling”. Este tipo de probas están a ser realizadas ao persoal dos hospitais dependentes do Sergas que traballan nas áreas de urxencias, UCI e plantas COVID ao persoal de centros socio-sanitarios.

As evidencias científicas teñen sobradamente demostrado que o único método actualmente eficaz, ademais dos equipos de protección individual, para evitar os contaxios masivos no ámbito sanitario e socio-sanitario é a realización de test de forma periódica aos profesionais de primeira liña. Deste xeito, conséguese evitar o grave problema da minora de persoal en illamento e as terribles consecuencias para a saúde e a vida tanto de profesionais como dos pacientes de alto risco ao seu cargo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O persoal TES prestan a súa asistencia nas seguintes condicións:

- Lugares de alto risco de contaxio como poden ser as habitacións dos fogares que non teñen porque estar desinfectados, ventilados e onde se atopan pacientes e acompañantes sen máscara de protección ata a chegada dos profesionais. A diferenza dos centros sanitarios que son lugares controlados e desinfectados periodicamente.
- Manteñen un contacto íntimo e moi estreito cxs doentes, tendo que manexalxs en lugares como as camas dos domicilios, contactando fisicamente, e abrazalxs en moitas ocasións para mobilizalxs.
- Realizan técnicas de oxixenoterapia e reanimación que implican manipular a vía aérea e xerar aerosois cunha gran carga viral na cabina asistencial das ambulancias, sendo este un lugar de reducidas dimensións e completamente pechado durante os traslados.
- As empresas concesionarias non dispoñen actualmente dos Equipos de Protección Individual que entrega o Sergas ao persoal que traballa nas áreas COVID e urxencias dos hospitais públicos. De feito, estas empresas de ambulancias, acumulan reclamacións e denuncias en Inspección de Traballo por entregar EPIs que non reúnen as características técnicas necesarias, en cantidade insuficiente, sen a talla axeitada, e sen as mínimas condicións hixiénicas.
- Vense obrigadxs a realizar un traballo que esixe unha altísima concentración para estar pendente dos EPIs e un gran esforzo físico como pode ser subir e baixar escaleiras portando material pesado e trasladando persoas. Realizan estas funcións mentres levan posto en moitas ocasións durante máis de 2 horas (tempo que se tarda na chegada, asistencia, traslado e desinfección) un mono impermeable con capucha, que non permite a transpiración, 2 máscaras, 1 pantalla e luvas. Por suposto, se





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ten a “sorte” de que o seu empresario llo subministre. As longas xornadas de traballo nestas condicións, as veces extenuantes, aumentan o risco de fallas nos EPIs por rotura ou descolocación accidental, aínda que se preste moita atención. Hai que ter en conta que a meirande parte do seu traballo de asistencia COVID realízana en solitario sen poder contar coa axuda da compañeira/o.

Recentemente puidemos comprobar como a carencia na realización destas probas de detección obrigou a todo un centro de traballo do 061 a permanecer en illamento ao se identificar varios contaxios entre o seu persoal. Ademais, a nula intervención en materia de vixilancia da saúde por parte da empresa concesionaria, provocou que todos xs traballadores tivesen que acudir pola súa conta ao servizo de Atención Primaria para que lles solicitasen as probas e lles fixesen o seguimento necesarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar todas as accións precisas para protexer ao persoal Técnico de Emerxencias Sanitarias, TES, do Transporte Sanitario Terrestre, tanto do servizo urxente como programado, fronte ao contaxio por Covid 19 e polo tanto:

1.- Estableza a obrigatoriedade da realización de test de detección COVID 19, ben de tipo PCR ou determinación de antíxenos polo método “pooling”, ou calquera outro método que se estableza de análoga eficacia, cunha periodicidade non superior a 15 días.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Garantir que dispoñan dos Equipos de Protección Individual preciso que reúna as características técnicas necesarias, en cantidade suficiente, da talla axeitada e coas debidas condicións hixiénicas.

3.- Realizar as inspeccións precisas para verificar o cumprimento da protección contra a COVID 19 dos TES por parte das empresas concesionarias do Servizo de Transporte Sanitario Terrestre, tanto urxente como programado.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2020 13:04:14

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2020 13:04:22





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2020 13:04:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, relativa á situación da redacción do Plan Director da igrexa e Mosteiro de San Pedro de Rocas en Esgos (Ourense) así como á valoración da Xunta de Galiza da situación xerada polo proxecto de ampliación da estrada OU-0509, ás garantías ambientais e patrimoniais que debe protexer e á posíbel afectación á candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial da Unesco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O conglomerado patrimonial, cultural e medioambiental coñecido como San Pedro de Rocas abrangue a súa igrexa e mosteiro e unha importante contorna de recoñecido valor patrimonial e arqueolóxico. Trátase dun dos elementos máis singulares e definitorios da Ribeira Sacra ao constituír o vestixio máis antigo da vida eremítica que se conserva no noso país e ser a única mostra de arquitectura rupestre que hai no territorio galego, ao salientar a igrexa orixinal escavada baixo unha das grandes rochas da localización.

Cómpre recordar que o mosteiro de San Pedro de Rocas foi declarado BIC como monumento nacional pola Real Orde de 20/09/23 (GAC do 26/09/23). Posteriormente, cabe sinalar a delimitación da contorna de San Pedro de Rocas (Decreto 49 de 18/02/99, DOG do 3/03/99) e máis recentemente, estendeuse o abano de protección ao abeiro da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

declaración da paisaxe cultural da Ribeira Sacra como ben de interese cultural (DOG do 31 de decembro de 2018, decreto 166/2018, do 27 de decembro) en aplicación da Convención sobre a protección do patrimonio mundial cultural e natural da Unesco. Ao fío desta declaración preténdese, segundo se indica, o recoñecemento do máximo valemto cultural para unha extensión duns 180 km² cun réxime de protección específico. Coa mesma incorporáronse de forma específica elementos como a lauda fundacional, o pé do altar ou o peto de ánimas.

É necesario sinalar tamén que en abril de 2019 a Xunta de Galiza licitaba a redacción do Plan director e do Proxecto básico e de execución de actuacións urxentes e posta en valor da igrexa e do mosteiro de San Pedro de Rocas, ao abeiro dos Fondos Europeos da man do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Segundo os pregos de condicións de dito Plan “O obxectivo do Plan Director é establecer o estado de conservación actual do ben e definir as liñas de actuación de cara ó futuro no eido da súa conservación e das propostas para o seu desenvolvemento sustentable de xeito compatible cos seus valores culturais e de identidade.” e contempla, entre outras medidas “ todas as propostas referidas ás intervencións de maior prioridade, centradas naquelas que teñan por obxecto a conservación do monumento, na eliminación de patoloxía, na corrección dos efectos das mesmas, a estabilidade estrutural, riscos, etc”.

O prazo de remate dos traballos do Plan Director e das súas conclusións, entre as que se atoparán directrices de conservación é de comezos de 2021. Polo tanto, resulta sorprendente a conformidade aparente da Xunta de Galiza cunhas actuacións que se formulan e planifican sen ter en conta os resultados de dito Plan director. Así mesmo, é necesario recordar o proceso de candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial da Unesco e a importancia das actuacións que se dean neste marco.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así as cousas, recentemente coñecíase a través das denuncias de colectivos como Amigas das Árbores a falta de idoneidade do proxecto da Deputación de Ourense para ampliación da estrada OU-0509 procedendo presuntamente á corta de 83 árbores e á ameaza de elementos patrimoniais, arqueolóxicos, naturais e etnográficos-culturais. Dita obra, contaría presuntamente co beneplácito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e tamén da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galiza.

Alén destas denuncias, segundo informan os medios de comunicación, na segunda quincena de novembro coñeceuse que o propietario dos terreos interpuxera un contencioso administrativo que viña de frear a tala de árbores. Así mesmo, parece ser que a persoa afectada fai constar na súa reclamación unha situación de engano e que serán 114 as árbores a eliminar.

Trátase, a todas luces, dunha obra sen o suficiente consenso e cuxa planificación debe ser revisada. Así mesmo, é necesario aclarar a situación da redacción do Plan Director da igrexa e Mosteiro de San Pedro de Rocas en Esgos (Ourense) así como a valoración da Xunta de Galiza da situación xerada polo proxecto de ampliación da estrada OU-0509 e que actuacións vai levar ou levou a cabo para asegurar o cumprimento das garantías ambientais e patrimoniais que debe protexer e prever a posíbel afectación á candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial da Unesco.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Acelerar ao máximo os prazos para o coñecemento do Plan Director de San Pedro de Rocas.
2. Non emitir ningún informe favorable á obra de ampliación da estrada OU-0509 até que sexa posíbel a súa valoración respecto do Plan Director e elaborar todos os informes arqueolóxicos, patrimoniais e ambientais necesarios para poder valorar as consecuencias dese proxecto, con independencia de que non sexan preceptivos.
3. Dirixirse á Deputación de Ourense co obxecto de revisar a idoneidade deste proxecto e valorar outras alternativas de mellora menos agresivas que reduzan o potencial impacto ambiental, patrimonial e arqueolóxico.
4. Remitir no prazo máximo dunha semana ao Parlamento Galego toda a documentación no haber da Xunta de Galiza respecto de informes e reclamacións en relación con este proxecto.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 17/11/2020 17:10:28

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/11/2020 17:10:36

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2020 17:10:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre a negociación da nova PAC 2021-2027.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos a vivir unha situación de incertidume no rural galego por mor do obscurantismo que hai entorno á nova PAC 2021-2027.

Comezamos pola anomalía que supón que o inicio da mesma vaia acontecer como moi pronto no 2023, xa que hai unha importante demora acumulada, pero tamén inflúen moito na incerteza os recortes e cambios que se lle presupoñen.

De inicio contábase con que o Brexit modificara os orzamentos da UE, pero desgrazadamente a isto sumóuselle a COVID, co cal a sensación de zozobra non só é psicolóxica.

Galiza é unha rexión periférica cunha escasa SAU (superficie agraria útil), polo que o clásico apoio ás grandes superficies nunca lle supuxo unha vantaxe á hora de competir por estes fondos, nin tampouco redundou en melloras suficientes para o rural galego.

Parece que hai unha dificultade arraigada no Goberno galego a respecto da súa capacidade para transmitir ao ministerio en Madrid a idiosincrasia propia do país, e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deste en ser capaz de recoñecela e asumila, por isto parece que a Galiza non é tida en conta por dereito propio.

É imprescindible que o plan estratéxico do novo programa de desenvolvemento rural recoñeza esta idiosincrasia e sexa eficiente na resolución de problemas e necesidades das que das que sempre careceu o rural galego .

Para superar isto, non só ten que haber transparencia a respecto das negociacións que se levan a cabo en Madrid, senón que as persoas que viven no rural teñen que ter claro que a Consellaría do Medio Rural entende as súas necesidades e é capaz de defendelas diante do Goberno do Estado, cuestión esta que dende logo non lles queda clara.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego e a Consellaría do Medio Rural a esixir do Ministerio de Agricultura a consideración da idiosincrasia galega como fundamento para establecer a dotación económica da nova PAC, en cadanseu pilar para Galiza, sen permitir que quede en desvantaxe a respecto do resto de comunidades.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2020

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
María González Albert





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 18/11/2020 09:49:15

María González Albert na data 18/11/2020 09:49:29

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/11/2020 09:49:39

Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2020 09:49:49



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A principios do ano 2019 o Consello da Xunta daba a coñecer a noticia de que se aprobara á construción do centro de saúde no barrio ourensán do Vinteún. O entón Alcalde da cidade mostrábase, Jesús Vázquez, amosábase satisfeito e en declaracións aos medios sinalaba *“Quero poñer en valor e resaltar esta decisión, que vén a estimar as demandas históricas veciñais que lle trasladamos ao conselleiro de Sanidade logo de diversas reunións”*.

Así mesmo o Goberno galego nesa mesma data, sinalaba que o centro de saúde do barrio do Vinteún formaría parte dos vinte e cinco centros que a Xunta de Galicia construíría e reformaría en toda a Comunidade Autónoma.

Xa fora a xestión urbanística dos socialistas no Concello de Ourense a que puxera a disposición da Xunta de Galicia e formalizara a cesión das parcelas de titularidade municipal nos barrios de O Couto e do Vinteún, para a construción de sendos centros de saúde, e para a preceptiva ocupación dos terreos, explanación e urbanización da parcela para adaptala as demandas da Consellería de Sanidade.

A día de hoxe só se acadou pola Xunta de Galicia a construción do centro de saúde do Couto e parece que nos plans do Goberno galego non está previsto a ampliación da rede de centros de saúde da cidade de Ourense, pese a que a Corporación municipal acordou reclamar a Xunta de Galicia a construción dun centro de saúde para o Vinteún, equipamento demandado dende fai unha década.



Considerando que a construción dun equipamento sanitario é competencia exclusiva da Xunta de Galicia, é polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se comprometa a fixar de inmediato un calendario para o inicio, a execución e remate das obras do centro de saúde do Vinteún, así como a consignar as partidas orzamentarias correspondentes para no ano 2021 para poder levalo a cabo na actual lexislatura.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/11/2020 16:18:31

Julio Torrado Quintela na data 18/11/2020 16:18:40

Marina Ortega Otero na data 18/11/2020 16:18:48

Juan Carlos Francisco Rivera na data 18/11/2020 16:18:57

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/11/2020 16:19:07



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Un dos problemas asociados á atención intensa e especial que a pandemia focaliza por parte de todo o sistema sanitario está na redución de atención a pacientes e patoloxías non covid. Inicialmente, nos primeiros momentos da pandemia, a urxencia e a necesidade podían xustificar, con toda comprensión, que os recursos e medios fosen reorientados ata o máximo posible á atención e loita contra a covid-19. Mais na realidade actual, onde o sistema puido ter sido reformulado e rearmado por parte da dirección e dos seus xestores, é preciso que todos os pacientes retomen a normalidade na atención.

O combate contra o cancro é unha das grandes áreas de acción da sanidade na actualidade, con grandes avances clínicos e procedimentais, froito da gran formación e capacitación dos profesionais e da implantación de estratexias moi proactivas na loita contra esta enfermidade. Entre as grandes estratexias atópase a busca de diagnósticos precoces, que melloran substancialmente a evolución e posible tratamento contra o cancro, contribuíndo a que esta enfermidade poida ser levada á cronicidade, o que é o gran reto e obxectivo na actualidade.

Non en tanto, moitos especialistas e sociedades científicas apuntan a posibilidade de que na actualidade, neste 2020, o volume de diagnoses estean sendo menor que nos anos anteriores. Esta situación evidenciaría que a atención á pandemia tería afectado á capacidade diagnóstica, tanto pola redución de traballo hospitalario en oncoloxía por ter que reorientar medios, como pola redución de campañas e accións de diagnose precoz (programas de cribado, consultas preventivas, etc). Esta situación podería estar incubando un problema de retardo en diagnoses, que causaría maiores dificultades para tratamentos posteriores.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar un informe que avalíe o volume de diagnoses e capacidade asistencial dos servizos de oncoloxía do sistema sanitario público de Galicia durante o ano 2020 comparativamente cos recentes anos pasados, e ofrezca unha posible conclusión sobre a existencia, ou non, de indicios que poidan suxerir alteracións en detección precoz.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/11/2020 16:23:23

Marina Ortega Otero na data 18/11/2020 16:23:29

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/11/2020 16:23:37



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A investigación sanitaria, sendo dende hai moitos anos un espazo de necesario investimento pola repercusión que ofrece sobre a sociedade (beneficios sanitarios, cambio de modelo produtivo do país, etc), ten adquirido aínda máis relevancia debido á pandemia provocada pola covid-19. Esta situación acentuou a nosa necesidade de enfocar con atención o investimento e dedicación de esforzos públicos á investigación no eido biomédico.

Non en tanto, nos últimos dous anos o programa de investigación sanitaria dos orzamentos da Xunta de Galicia vén diminuíndo a súa dotación nun 11,5 %. A dotación á investigación en Galicia sitúase por debaixo da medida estatal e porcentaxe de PIB (a media española está no 1,23 % e en Galicia non chega ao 1 %). Ademais, a situación das e dos investigadores das fundacións e institutos de investigación biomédica de Galicia dista de ser axeitada, sen convenio laboral que os regule e vivindo unha minusvaloración laboral continua. Ditas fundacións, ademais, non están incluídas dentro dos orzamentos anuais da Xunta de Galicia, o que supón un problema para a súa fiscalización e unha anomalía orzamentaria, como vén sinalando de maneira repetida o Consello de Contas cada ano sen que exista resposta ou cambio por parte da Xunta de Galicia.

En recentes datas foi coñecido que grupos galegos dedicados á investigación que están traballando no campo das vacinas, e que están dentro dos grupos que especificamente poden contribuír a desenvolver unha vacina contra a covid-19, non están sendo financiados nin apoiados en ningunha medida por parte da Xunta de Galicia, e incluso apuntan a que non foron nin sequera contestados sobre as súas solicitudes de colaboración.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Recuperar o investimento en investigación sanitaria perdido nos últimos dous anos a través da adecuación do orzamento 2021, recuperando as cantidades de 2018.
2. Comprometer un aumento anual dun 5 % durante esta lexislatura do orzamento dedicado ao programa de investigación sanitaria.
3. Abrir unha convocatoria especial de axudas e colaboración cos grupos de investigación con raíz galega que participen en accións ou proxectos de loita contra a covid-19.
4. Resolver á maior brevidade o problema da ausencia de convenio laboral para os/as investigadores galegos traballadores das fundacións biomédicas de Galicia.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/11/2020 17:09:36

Marina Ortega Otero na data 18/11/2020 17:09:44





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2020 17:16:47
Nº Rexistro: 5536
Data envío: 18/11/2020 17:16:47.642

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/11/2020 17:09:54

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O escenario actual, no que moitas persoas deben permanecer días en hospital, moitas veces sen contactos con visitas, acentúa un problema dos centros hospitalarios como é a soidade e o desarraigo dos contornos máis familiares e próximos. Este problema acrecéntase no caso de persoas maiores.

Dentro das mínimas axudas para conlevar as situacións atópase a dispoñibilidade de televisores nas habitacións dos hospitais, que supoñen unha das poucas fontes de certo entretemento que poden ter as persoas que pasan días alí. Non en tanto o seu uso está dificultado por ser xa hoxe un servizo de pago, que engade un custe ao problema de estar ingresado.

Esta situación é totalmente incomprendida polas persoas que pasan tempos nos hospitais e que ven como necesitan desembolsar un coste non menor para un dos poucos entretementos que teñen nestas circunstancias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a rescindir o contrato de explotación coas empresas correspondentes respecto dos aparatos da televisión das habitacións dos hospitais públicos de Galicia e facer gratuíto este servizo para os/as pacientes ingresados.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2020 17:36:55
Nº Rexistro: 5545
Data envío: 18/11/2020 17:36:55.237

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/11/2020 17:34:02

Marina Ortega Otero na data 18/11/2020 17:34:08

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/11/2020 17:34:17

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

Recentemente o BBVA confirmou a CNMV que mantén conversas co Banco Sabadell de cara a un escenario de posible fusión bancaria.

De levarse a cabo a devandita fusión o mapa bancario galego sufrirá un cambio notable con importantes repercusións no emprego e na oferta financeira existente, tendo en conta que a xa anunciada fusión de Bankia e Caixabank, ademais do ERE que o Banco Santander ten posto en marcha no conxunto do estado, e que de seguro vai afectar a decenas de oficinas en Galicia, pouco despois de que na nosa Comunidade se producise peche dun centenar de oficinas debido a integración co Banco Popular.

O BBVA ten en Galicia 215 oficinas, e conta con aproximadamente 1.150 persoas empregadas, das cales 400 traballan na cidade de A Coruña nos servizos centrais da entidade para a zona Noroeste (Galicia, Asturias e Castela e León).

Pola contra o Banco Sabadell conta con 105 oficinas e 460 empregos directos, despois de que este último absorbesse o Banco Galego, entidade que ademais está inmersa nun proceso de negociación cos sindicatos para forzar a saída de un millar de persoas traballadoras, un axuste que en Galicia afectaría a 45-50 empregos.

O sindicato CC.OO, nun cálculo inicial, indica que a fusión provocará duplicidades en 54 concellos galegos e podería afectar directamente a 91 oficinas, que directamente estaría abocadas ao peche.

Neste senso, unha hipotética fusión de BBVA e Banco Sabadell tería un impacto de moitísimo máis calado en termos de emprego en Galicia que o provocado pola futura fusión de Bankia (con escasa rede de oficinas) e Caixabank.



Segundo datos do Banco de España Galicia suma un total de 1.314 oficinas, das cales 420 un terzo da rede bancaria galega estarían neste intre pendente de procesos de fusión xa iniciados.

Segundo datos da Federación de Servizos, Mobilidade e Consumo do sindicato UGT, dende o ano 2010 a finais do ano 2019, datos previos aos procesos de fusión en marcha, en Galicia desapareceron o 40 % das oficinas bancarias e 34,80 % do emprego, pasando de 13.018 empregos a 8.487.

A desfeita provocada pola desaparición das caixas galegas afectou directamente a 3.700 empregos directos. A adquisición do Banco Pastor polo Banco Popular (hoxe desaparecido) e o traslado dos servizos centrais a Madrid, borrou dun plumazo 800 empregos.

Cos datos expostos e no contexto global no que se está a mover o sistema financeiro estatal e supra-nacional, estamos a ver como se produce de xeito irremediable un proceso de oligopolización no sector da banca que, en Galicia, ten impacto directo no emprego e na oferta financeira, e que está a provocar exclusión financeira dunha parte importante da poboación radicada en concellos rurais do país.

O 40 % dos concellos galegos tiñan unha ou ningunha oficina bancaria no ano 2018, segundo datos da Federación de Servizos, Consumo e Mobilidade de UGT.

É dicir, 220 mil galegos e galegas estaban xa excluídos directamente ou en risco de exclusión financeira, riscos que se incrementarán de seguro no actual escenario de concentración bancaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a adopción das medidas necesarias para evitar a exclusión financeira das persoas consumidoras galegas.
2. Remitir á Cámara galega, no prazo dun mes, un mapa financeiro galego, con identificación específica dos concellos que carecen de oficina bancaria.



3. Remitir á Cámara galega, no prazo dun mes, un informe sobre o impacto que ten o oligopolio financeiro sobre o mercado crediticio e hipotecario galego, especialmente a respecto de persoas consumidoras minoristas e Pemes.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro do 2020

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 18/11/2020 17:41:20

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/11/2020 17:41:29

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/11/2020 17:41:40



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No ano 2010 o entón alcalde de Porriño do PP, xunto coa concelleira de Sanidade en aquela data, reuníronse en Santiago de Compostela co director de Recursos Económicos do Sergas para poñer a disposición da Xunta de Galicia unha parcela cunha superficie de 525 metros cadrados e poder iniciar así as obras de ampliación do Centro de Saúde de Porriño canto antes.

Esta ampliación fora anunciada en varias ocasións xa en anos anteriores subliñando que a firma do acordo entre o Concello e a Xunta de Galicia permitiría priorizar estas instalacións de Atención Primaria nos orzamentos da Comunidade Autónoma. A alcaldesa de Porriño asinou o 2 de setembro de 2019 o convenio coa Consellería de Sanidade, polo que o Concello de Porriño puxo a disposición da Xunta de Galicia a parcela, pese a estar asinado ese convenio, o Goberno autonómico segue sen darlle prioridade a este centro de saúde.

Dez anos despois, esta promesa quedou en nada e os veciños e veciñas usuarias do Centro de Saúde de Porriño seguen sufrindo as graves deficiencias do mesmo, tanto das súas instalacións, como da falta de especialistas; así como un servizo de urxencias colapsado, que atende ademais aos veciños e veciñas dos concellos de Mos e de Salceda de Caselas. Toda esta situación foi a peor este ano pola crise sanitaria da covid-19.

Ano tras ano, vemos como os orzamentos da Xunta de Galicia non recolle ningunha partida para á prometida ampliación do centro de saúde e xa fai máis dun ano que a Xunta de Galicia ten a súa disposición a parcela. E tamén vemos como o Partido Popular no Parlamento de Galicia vota en contra das emendas aos orzamentos para que se incluíse este centro de saúde presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista na pasada lexislatura.



Resulta polo tanto imprescindible que a Xunta de Galicia asuma as súas competencias, e que de forma inmediata dea resposta á necesaria ampliación do Centro de Saúde de Porriño.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incluír nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 o orzamento suficiente para executar a obra, que permitiría ampliar o Centro de Saúde do Porriño.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/11/2020 18:02:39

Julio Torrado Quintela na data 18/11/2020 18:02:46

Marina Ortega Otero na data 18/11/2020 18:02:52

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/11/2020 18:03:02



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Na situación pandémica actual, o sector turístico foi e é, sen dúbida, un dos sectores económico máis golpeado e a súa recuperación será complexa co paso do tempo debido a múltiples factores, que afectan tanto á oferta como á demanda. Os ingresos de case a totalidade de empresas turísticas son escasos ou nulos desde que estamos nesta situación de crise sanitaria e económica.

Dentro do sector turístico, un dos sectores máis afectado pola pandemia é o das axencias de viaxes. Dende os primeiros meses do ano, están sufrindo cancelacións constantes das reservas feitas, o que implica que de todo o traballo que levan feito dende 2019 para os viaxes previstos en 2020, non obteñen beneficio. As axencias de viaxes tiveron que devolver o 100 % de todas e cada unha das reservas dos clientes, tendo 0 ingresos.

En Galicia, a primeiros deste 2020, eran máis de 600 puntos de venta con máis de 12.000 profesionais, os cales afrontan a recta final do ano e o inicio do próximo, con funestas perspectivas. Calcúlase que dúas de cada 3 axencias de viaxes pecharán as súas portas co inicio do 2021.

Dende a Xunta de Galicia elaborouse o “Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19”, un plan no que as axencias quedaron practicamente excluídas, con accións que non aportaron nin unha mínima reactivación real dese sector.

O “bono solidario” promovido polo Goberno galego e a súa forma de articulalo, estivo mal exposto dende a súa presentación. Por unha banda, non ten en conta o funcionamento e modo de vida das axencias de viaxes, descoñecendo que é inviable aplicar un 15% de desconto nos produtos destinados aos usuarios destes



bonos, cando a meirande parte das comisións que perciben non son superiores ao 10% bruto.

Agora ademais, atópanse cunha problemática bastante importante para garantir a continuidade das empresas, que é a renovación dos seguros de caución e de responsabilidade civil, seguros que condicionan a vixencia das licencias, e en consecuencia a continuidade da actividade. Están recibindo cartas das compañías aseguradoras onde se lles confirma que non van a facerlles renovación das pólizas e outras onde a pesar de si aceptar esa renovación, infórmanlles dunha subida das primas dos seguros dun 15 % mínimo, primas que parten como mínimo cada unha delas dos 400 € en diante.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir axudas directas ás axencias de viaxes, ditas axudas teñen que recoller medidas para facer fronte aos gastos fixos e á renovación dos seguros.
2. Elaborar uns plans reais de reactivación do sector, coa creación duns bonos turísticos para estimular a demanda e así apoiar ás axencias de viaxes.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/11/2020 17:52:23

Martín Seco García na data 18/11/2020 17:52:29

Juan Carlos Francisco Rivera na data 18/11/2020 17:52:39

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/11/2020 17:52:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/11/2020 17:52:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar converteuse desde a súa creación nun dos recursos de política social e axuda á dependencia máis demandados, de facto, case 24.000 persoas no noso país eran usuarias deste servizo en 2019.

Aínda que a competencia é da Xunta de Galiza a súa xestión foi derivada nos concellos que contan cunha achega orzamentaria do goberno galego en función das horas efectivamente prestadas ás usuarias e usuarios que teñen recoñecido o dereito a el de acordo coa Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A aportación da Xunta de Galiza ao financiamento deste servizo redúcese apenas a 9,70 euros/hora, unha achega pírrica tendo en conta o custe real de prestación do servizo. Esta aportación, que non foi revisada nin actualizada durante anos, está a favorecer a precarización, especialmente, das condicións de traballo do persoal do SAF. Tanto é así, que en moitos concellos galegos o salario que perciben as traballadoras (ademais de variar dun mes a outro en función das horas traballadas)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

está por baixo do establecido no convenio colectivo do sector. Convenio, alén do máis, caducado desde 2011.

Así mesmo, naquelas horas de concorrencia competitiva que os concellos prestan a persoas que agardan pola súa valoración de dependencia ou outras que non teñen recoñecido ese dereito, non contan con aportación económica ningunha do goberno galego malia que a súa participación no financiamento do servizo si aparece recollida no Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios.

Desde a creación do servizo no ano 2009 transcorreron once anos e ademais de incrementarse progresivamente o número de persoas usuarias, as necesidades foron mudando e foron detectándose eivas e carencias que urxen a súa adaptación á realidade e necesidades actuais tanto das usuarias e usuarios como dos propios Concellos. E é que os municipios están a asumir –sen os recursos económicos, humanos e materiais necesarios-- a xestión e control practicamente en exclusiva deste importante servizo de atención a persoas maiores e dependentes.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar un proceso de diálogo de maneira inmediata cos concellos galegos –a través da súa representación na Fegamp- e coas representantes das traballadoras e traballadores do Servizo de Axuda no Fogar co obxectivo de modificar a normativa vixente que regula este servizo e introducir, como mínimo, as seguintes cuestións:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Revisar os criterios de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para incrementar o prezo/hora que achega a Xunta de Galiza para aquelas usuarias e usuarios que teñen recoñecido o servizo a través da Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. A aportación da Xunta de Galiza axustarase ao custe real e efectivo do servizo tendo en conta, entre outras cuestións, os dereitos laborais das traballadoras e a dispersión poboacional.

2. Determinar a aportación económica da Xunta de Galiza para o financiamento das horas de libre concorrencia prestadas polos concellos de acordo co disposto no Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

3. Estabelecer criterios obxectivos de distribución de horas de SAF que deberán ser revisadas anualmente á fin de garantir o acceso ao servizo de todas as persoas que o precisan.

4. Introducir un novo modelo de prestación do servizo que substitúa o actual baseado en horas co obxectivo de mellorar as condicións laborais das traballadoras e favorecer unha xestión máis eficaz e eficiente do SAF.

5. Modificar as rateos que fixan o persoal técnico mínimo exixible ás empresas prestadoras deste servizo reducindo o número de persoas usuarias por cada técnica/o.

6. Iniciar o proceso de negociación coa representación social da traballadoras para a aprobación dun novo Convenio colectivo para a axuda a domicilio de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Elaborar protocolos de prevención e intervención en casos de agresión no domicilio, violencia machista ou discriminación.

8. Introducir as modificacións normativas oportunas que permitan adoptar, con seguridade xurídica para os concellos, medidas de suspensión temporal ou total do servizo en casos de agresión, violencia machista ou discriminación, entre outros.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/11/2020 18:07:44

María Montserrat Prado Cores na data 18/11/2020 18:07:48

Iria Carreira Pazos na data 18/11/2020 18:07:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o tren de mercadorías e o Corredor Atlántico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento de infraestruturas ferroviarias modernas para o transporte de mercadorías é un elemento clave para a conectividade, a competitividade e o progreso dun país. Actualmente o 50% do tránsito entre a Península e Europa móvese a través da fachada atlántica, mais esta dimensión non se corresponde coa situación das infraestruturas ferroviarias.

A situación de atraso destas infraestruturas e da conectividade con Europa é consecuencia de decisión políticas, que primaron outros intereses: a exclusión de Galiza e doutros territorios do noroeste da península ibérica da rede básica da Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T) definida no Regulamento (UE) nº 1315/2013. E en consecuencia no mecanismo “Conectar Europa”, definido no Regulamento (UE) nº 1316/2013.

Nestes instrumentos priorizáronse, por decisión dos partidos estatais maioritarios, as conexións do Corredor Mediterráneo e do Corredor Central (chamado Corredor Atlántico mais que conecta os portos do sur de España e de Portugal con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Europa a través de Madrid e de Valladolid). Neste deseño, Galiza foi ignorada e excluída, polo que se perdeu a posibilidade de entrar nos programas de investimentos do período 2014-2020.

Este agravio foi denunciado por numerosas entidades galegas, e doutras comunidades próximas, o que levou a propoñer a extensión cara a Galiza do Corredor, unha extensión que se elevou o 28 de novembro de 2018 ao Parlamento Europeo, a través da proposta do novo regulamento do mecanismo “Conectar Europa” e que derroga os Regulamentos UE 1316/2013 e 283/2014. Esta proposta, que abre a porta á financiación das actuacións ao abeiro do marco financeiro da Unión Europea para o período 2021-2027. Esta proposta foi aprobada polo Parlamento Europeo o 17 de abril de 2019.

Cómpre ter en conta que os treitos da rede básica de transporte ferroviario de mercadorías deben cumprir os seguintes requisitos:

- Electrificación da liña.
- Carga mínima en eixo de 22.5 t.
- Velocidade de 100 km/h
- Posibilidade de que circulen trens de 740 m de lonxitude
- Implantación de ERTMS.
- Ancho estándar 1.435 mm

Para poder conseguir o obxectivo de integración de Galiza na rede básica do Corredor Atlántico é imprescindible que se cumpran dous obxectivos: a dotación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

partidas orzamentarias e a planificación das infraestruturas mediante a aprobación do Plan Director e dos proxectos construtivos. A este respecto, desde o BNG e desde moitas entidades e institución galegas contemplamos con preocupación o agravio comparativo a respecto dos investimentos, prazos e proxectos do Corredor Mediterráneo e do Atlántico (Central). E sobre todo a inexistencia de proxectos cos que poder concorrer ás convocatorias de fondos europeos, a poucos meses de que se abra a convocatoria de fondos europeos para os corredores ferroviarios ou de que se distribúan os fondos para a reconstrución.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento acorda como resolución demandar ao goberno da Xunta e ao goberno central:

1. A priorización dos proxectos de infraestruturas do Corredor Atlántico en Galiza, así como a mellora das conexións con Portugal coa construción da Saída Sur de Vigo.
2. A mobilización de fondos do período 2021-2027 así como de fondos extraordinarios da UE, para fomentar o desenvolvemento do Corredor Atlántico galego en condición de igualdade con outros corredores.
3. A atención á intermodalidade do corredor, mediante a priorización das conexión ferroviarias cos portos da fachada atlántica e coas principais plataformas loxísticas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, o Parlamento demanda do goberno central a presentación do Plan Director do Corredor Ferroviario Atlántico, a dotación de partidas nos orzamentos do Estado e a solicitude de fondos europeos para conectar Galiza nas mesmas condición e nos mesmos prazos que os doutros corredores.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2020 18:27:00

Paulo Ríos Santomé na data 18/11/2020 18:27:03

Alexandra Fernández Gómez na data 18/11/2020 18:27:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, comunica que, advertido un erro no documento con número de **rexistro 5578**, presenta a seguinte corrección de erros:

Na parte resolutiva onde dí:

“O Parlamento acorda como resolución demandar ao goberno da Xunta e ao goberno central:

1. A priorización dos proxectos de infraestruturas do Corredor Atlántico en Galiza, así como a mellora das conexións con Portugal coa construción da Saída Sur de Vigo.
2. A mobilización de fondos do período 2021-2027 así como de fondos extraordinarios da UE, para fomentar o desenvolvemento do Corredor Atlántico galego en condición de igualdade con outros corredores.
3. A atención á intermodalidade do corredor, mediante a priorización das conexión ferroviarias cos portos da fachada atlántica e coas principais plataformas loxísticas.

Asemade, o Parlamento demanda do goberno central a presentación do Plan Director do Corredor Ferroviario Atlántico, a dotación de partidas nos orzamentos do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estado e a solicitude de fondos europeos para conectar Galiza nas mesmas condición e nos mesmos prazos que os doutros corredores.”

Debe dicir:

“O Parlamento acorda como resolución demandar ao goberno da Xunta que reclame do goberno central:

1. A priorización dos proxectos de infraestruturas do Corredor Atlántico en Galiza, así como a mellora das conexións con Portugal coa construción da Saída Sur de Vigo.
2. A mobilización de fondos do período 2021-2027 así como de fondos extraordinarios da UE, para fomentar o desenvolvemento do Corredor Atlántico galego en condición de igualdade con outros corredores.
3. A atención á intermodalidade do corredor, mediante a priorización das conexión ferroviarias cos portos da fachada atlántica e coas principais plataformas loxísticas.
4. A presentación do Plan Director do Corredor Ferroviario Atlántico, a dotación de partidas nos orzamentos do Estado e a solicitude de fondos europeos para conectar Galiza nas mesmas condición e nos mesmos prazos que os doutros corredores.”

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/11/2020 11:12:06

Alexandra Fernández Gómez na data 20/11/2020 11:12:10

Paulo Ríos Santomé na data 20/11/2020 11:12:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, relativa ás actuacións a realizar para preservar o castro de Toiríz no concello de Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Fomento e a Deputación de Pontevedra asinaron en 2015 un convenio baixo o título de Proxecto de Restauración e Musealización dos Xacementos Galaico-romanos de Pontevedra para realizar actuacións nos castros de Toiríz en Silleda, Alobre en Vilagarcía e A Subidá, en Marín.

O proxecto do Castro de Toiríz foi cuestionada desde o coñecemento do mesmo, tanto por diferentes colectivos, como polo BNG, que en 2019 trasladou a preocupación e desacordo co mesmo ao Parlamento de Galiza. Discrepancia a respecto da actuación que se pretendía levar a cabo, do seu concepto e enfoque. Unha actuación presentada como de restauración e musealización, mais que na realidade correspondían a obras de urbanización; construción dun aparcamento con afectación ao foxo, obras de pavimentación de camiños, paneis de sinalización e información sobredimensionados, ou a instalación de bancos, mesas e iluminación.

Lamentamos que as advertencias realizadas pola veciñanza, colectivos e BNG, non foran tidas en conta, e nos atopemos con que se está levando a cabo a execución do proxecto na súa primeira fase sen ningunha modificación. Non hai xustificación para





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que por parte da Xunta de Galiza se aprobe un proxecto e se permita a súa execución que non salvagarda os valores do Castro nin a súa utilización axeitada e sustentábel.

Os traballos iniciados confirman os temores que mostramos e confirman unhas obras, non de restauración e inmunitación, senón de urbanización do Castro, agresivas e distorsionadoras da súa contorna: afecta aos muros castrexos soterrados e á estratigrafía arqueolóxica; hai un número elevadísimo de buracos na croa, realizados para cimentacións nas que logo situar bancos, paneis de sinalética ou luminarias; vense restos de cerámica entre a terra extraída dos ocos o que evidencias cando menos un control arqueolóxico cuestionábel.

O BNG considera de máximo interese a conservación, protección e divulgación do castro de Toiríz, asentado nun enclave privilexiado, con enormes potencialidades, mais a actuación que se está levando a cabo pono en grave risco e fai temer a irreversibilidade dos danos causados se non se actúa de inmediato.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Que paralice de inmediato a execución das obras que se están realizando no castro de Toiríz dentro do Proxecto de Restauración e Musealización dos Xacementos Galaico-romanos de Pontevedra.

2. Proceda a esixir a reformulación do proxecto de acordo a criterios non invasivos, de respecto, conservación, protección e divulgación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Realizar todas as actuacións precisas para garantir a información e participación da veciñanza no proxecto, como máxima interesada na preservación, coidado e divulgación do Castro.”

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2020 09:30:00

Mercedes Queixas Zas na data 19/11/2020 09:30:08

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/11/2020 09:30:17



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Martín Fernández Prado, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez, Daniel Vega Pérez e Jesús Vázquez Almuiña**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos:

Hai que lamentar a falta de consideración cara ás necesidades de mobilidade da veciñanza da Mariña lucense e das comarcas de Ferrolterra e Ortegal que está a demostrar o Goberno central coa progresiva supresión e recorte dos servizos por parte de Renfe-Feve.

Cómpre lembrar que o operador ferroviario público, dependente do Ministerio del Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana é o único medio de transporte ferroviario na zona norte das provincias de Lugo e da Coruña.

A veciñanza destas áreas -que supera os 240.000 habitantes- non se resigna a perder un servizo esencial, un medio de transporte económico e sostible que facilitou a mobilidade de varias xeracións que o empregan para estudar, traballar, acudir ao hospital ou realizar trámites administrativos.

Os recortes en horarios e frecuencias, xustificado polas condicións derivadas do confinamento, persiste na actualidade sen ningún tipo de fundamento. A esta situación hai que sumar as avarías continuas, que son consecuencia directa da falta de mantemento e ou do moi deficiente sistema de provisión de recambios.

Tamén se advirte unha alarmante escaseza de persoal, especialmente maquinistas que, sumado á falta de puntualidade, son factores que lastran o futuro da rede de vía métrica.

Cando desde a Xunta de Galicia, administracións locais e particulares demandan ao Goberno do Estado que repoñan os servizos non o fan por capricho, se non que entende que é a súa responsabilidade defender aos miles de cidadáns prexudicados.

Non debemos esquecer que estamos a falar de servizos prestados por unha compañía pública e rexidos por unha obriga de servizo público e non por intereses comerciais.



Con todo, desde Renfe-Feve xustifican os recortes poñendo de relevo unha caída no número de viaxeiros.

Pero a empresa obvia que son precisamente estes recortes, as avarias periódicas e o deficiente funcionamento do servizo os que disuaden de subirse ao tren, creando un círculo vicioso que corre o risco de provocar o desmantelamento definitivo desta rede de transporte.

O Grupo Popular tamén vén demandando de forma insistente a reposición das frecuencias suprimidas ao entender que son imprescindibles para atender axeitadamente as necesidades de mobilidade desta zona.

De manterse a situación actual estarían ademais minguando a competitividade do territorio e privando a centenaes de cidadáns o exercicio efectivo do seu dereito á mobilidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que restableza todos os servizos, horarios e frecuencias suprimidas por Renfe-Feve amparándose na pandemia por covid-19 e acometa as melloras técnicas, organizativas e de dotación persoal precisas para garantir o axeitado funcionamento deste servizo público en condicións de calidade”.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2020



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/11/2020 13:17:10

José Manuel Balseiro Orol na data 18/11/2020 13:17:32

Martín Fernández Prado na data 18/11/2020 13:17:47

Ramón Carballo Páez na data 18/11/2020 13:18:08

María Sol Díaz Mouteira na data 18/11/2020 13:18:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/11/2020 13:18:41

Daniel Vega Pérez na data 18/11/2020 13:18:52

Jesús Vázquez Almuíña na data 18/11/2020 13:19:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Montserrat Prado Cores, Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás razóns da baixada na realización de PCRS na Área Sanitaria de Vigo a pesares do aumento do número de contaxios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos da Covid 19 na área sanitaria de Vigo son motivo de preocupación, unha área que leva días tendo o maior número de contaxios de Galiza, días liderando a porcentaxe de positividade.

A pesar desta situación vemos como o Sergas non deixa de reducir cada día o número de PCRS na área. Pasando a case 1/3 nos últimos 4 días, pasando inexplicabelmente de 2106 o venres a tan só 805 este luns.

Facer menos probas implica máis posibilidade de obter menos positivos, mais iso non significa menos persoas contaxiadas, senón unha estadística máis presentábel.

Se en algo hai unanimidade é en que na loita contra a COVID-19 é vital actuar con rapidez, realizar test masivos para detectar positivos, identificalxs, illalos e facer rastrexo de contactos, sobre todo diante dunha situación de extrema gravidade como a que estamos vivindo cunha evidente transmisión comunitaria, onde unha porcentaxe





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moi elevada dos contaxios non teñen orixe coñecida, é preciso tomar as medidas axeitadas.

Facer ben esa labor é fundamental para parar a cadea de contaxios. Non se pode parar a pandemia se non se sabe onde está o virus, a clave é ser proactivxs, planificar, anticiparse... para ir por diante do virus e non por detrás.

Por eso desde o BNG queremos mostrar a nosa total desaprobación con esta actuación da Xunta que máis unha vez actúa para o titular de prensa e non para solucionar o problema.

Consideramos necesario que por parte da Xunta se facilite toda a información a respecto da baixada na realización de PCRs na Área Sanitaria de Vigo e por esa razón, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a actuar de acordo coa gravidade da situación de contaxios por Covid 19 na Área Sanitaria de Vigo, realizando todas as PCRs precisas, activando un sistema de rastrexo áxil, eficaz e eficientes co número de persoas suficiente para levalo a cabo, que permita romper coa cadea de contaxios.”

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2020 10:20:02

María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2020 10:20:10

María do Carme González Iglesias na data 19/11/2020 10:20:19

Alexandra Fernández Gómez na data 19/11/2020 10:20:27



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputado, **Marina Ortega Otero, Leticia Gallego Sanromán e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os centros de atención residencial para as persoas maiores configuran o núcleo máis vulnerable dentro do contexto no que nos atopamos, dentro da pandemia motiva pola Covid-19.

Na segunda onda da pandemia e aínda contando con máis recursos e probas PCR ao alcance o certo é que en Galicia os contaxios masivos nos centro de atención residencial son moi preocupantes.

Un dos últimos deuse no centro DoralResidencias de Mos, onde case 150 persoas están afectadas por coronavirus.

É urxente que se tomen medidas preventivas e non actuar cando os contaxios invaden un centro na práctica totalidade.

Unha das cuestións fundamentais é dotar de persoal aos centro de atención residencial, non só atendendo á normativa, senón que, tendo en conta o contexto é preciso un incremento do persoal adaptado ás circunstancias e á duplicidade do propio traballo por parte do sector, debido ás medidas que se precisan nestes momentos.

Dende o Grupo Socialista consideramos que o illamento ou evacuación de todos os residentes contaxiados é necesario para a prevención de contaxios e para mellorar a calidade de vida dos residentes negativos.

Non podemos continuar cun incremento do número de contaxios nos centros de atención residencial dun xeito masivo coma o caso desta residencia radicada en Mos, para elo a Administración competente debe incrementar as medidas de prevención e revisar os protocolos de actuación.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que incremente as medidas de prevención e mellore os protocolos nos centros de atención residencial así coma o número de inspeccións e persoal nos mesmos.”

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 19/11/2020 10:14:57

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/11/2020 10:15:14

Julio Torrado Quintela na data 19/11/2020 10:15:24

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/11/2020 10:15:33





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a instalación de parques eólicos en espazos da Rede Natura .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei de medidas fiscais e administrativas dos orzamentos da Xunta para o ano 2012 incluíu unha modificación da Lei 8/ 2009 pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Por medio deste procedemento, incluíse unha Disposición Adicional Quinta sobre *Suspensión da tramitación de parques eólicos na ampliación da Rede Natura*, na que se establece o seguinte no apartado 1:

1. O anuncio da exposición pública da proposta de ampliación do ámbito da Rede Natura determinará por si mesmo a suspensión do procedemento de autorización dos parques eólicos que se sitúen, en todo ou en parte, no ámbito territorial obxecto de ampliación, ata a aprobación da proposta de ampliación polo Consello da Xunta de Galicia.

Naquela altura (2012) comezou a tramitación da ampliación da Rede Natura. O DOG do 2 de xaneiro de 2012 publicou o anuncio da Dirección Xeral de Conservación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Natureza polo que se acorda someter a información pública a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 Galicia. Este documento di literalmente o seguinte:

A Rede Natura 2000 en Galicia atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscribíense á rexión bioxeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superficies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).

A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é preciso completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión bioxeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión bioxeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, é urxente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia a urxencia da que se fala neste trámite de información pública da proposta de ampliación, pasaron oito anos e a Xunta de Galiza aínda non deu cumprimento ao mandato da Comisión Europea.

Nesta exposición de motivos fica clara a colisión dos intereses da protección da natureza fronte aos intereses do lobi das empresas eléctricas. Basta con ver o mapa dos desenvolvementos eólicos e dos proxectos que se están a tramitar nesta altura para saber quen gañou esta batalla.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Reactivar a proposta de ampliación da Rede Natura cuxa tramitación se iniciou en 2012, co obxecto de protexer os espazos de interese natural e desta maneira atender os requirimentos da Comisión Europea.

2. Suspender o procedemento de autorización dos parques eólicos que se sitúen, en todo ou en parte, no ámbito territorial de ampliación da Rede Natura.”

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 19/11/2020 10:56:31

Paulo Ríos Santomé na data 19/11/2020 10:56:40

Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2020 10:56:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre os novos contratos no transporte público por estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A elaboración, aprobación e desenvolvemento do Plan de transporte público de Galiza é un proceso cheo de sombras e sospeitas de irregularidades cando non de ilegalidades manifestas. Todo este proceso caracterizouse desde o comezo pola falta de previsión e planificación, polas présas e pola preminencia dos intereses das grandes empresas do sector do transporte público por estrada.

Este xeito de proceder, escurantista, apresurado e pouco garantista, está a caracterizar tamén o proceso de licitación dos novos contratos do transporte público, no que se está a cumprir o guión que anunciaba a concentración dos grandes contratos nunhas poucas empresas, nun reparto que foi anunciado fai moito tempo e que coincide co acontecido no sector do transporte en ambulancias.

Este modus operandi da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade deu lugar a diversas reclamación e alegacións diante do TACGAL e da Comisión Galega da Competencia.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na tramitación destes contratos obsérvanse numerosas carencias e irregularidades, así como cambios nos pregos, derivados das resolución do TACGAL e das alegacións presentadas por distintos operadores, que distorsionan gravemente o obxecto do contrato e os cálculos dos custos.

Por outra parte, todo o procedemento viuse alterado pola crise sanitaria, económica e social provocada pola COVID 19, que está alterando de maneira significativa as previsións sobre a demanda e uso dos servizos de transporte. Unha situación que debería dar pé cando menos á revisión dos datos de demanda e ingresos establecidas nos pregos.

Ao mesmo tempo, resultado cando menos chamativo o papel de empresas consultoras da administración que suplantán a propia administración na tramitación e resolución destes expedientes. Empresas que na práctica actúan como unha administración paralela, suplantando tarefas e responsabilidades exclusivas da administración pública.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Suspender a tramitación dos procedementos administrativos en curso para a adxudicación dos contratos do transporte público por estrada e proceder a unha nova licitación que respecte estritamente a legalidade e teña en conta as novas circunstancias derivadas da crise sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Realizar unha auditoría independente sobre os contratos xa adxudicados, co obxecto de evitar as posíbeis consecuencias derivadas de actuación irregulares.

3. Prorrogar os contratos vixentes atendendo á necesidade de prestación de servizo público, en tanto que non se adxudiquen os novos contratos.

4. Reiniciar a elaboración dun novo plan de transporte, abrindo un proceso de diálogo e participación con todos os axentes sociais, atendendo aos criterios de sustentabilidade, eficiencia, intermodalidade, á dimensión económica, social, ambiental e territorial da mobilidade, así como ás necesidades presentes e futuras do noso país.”

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 19/11/2020 12:44:12

Alexandra Fernández Gómez na data 19/11/2020 12:44:17





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2020 12:44:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a paralización no prazo de alegacións do parque eólico Banzas, nos concellos de Outes, Negreira e Mazaricos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do pasado venres, 13 de novembro, publicaba o acordo do 5 de novembro, da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto do parque eólico Banzas, nos concellos de Outes, Negreira e Mazaricos (A Coruña) (expte. IN408A 2017/15).

Esta exposición pública implica un prazo, de ser o caso, de presentación de alegacións ou observacións por parte das persoas interesadas de 30 días.

A documentación a examinar, ademais de ser voluminosa, é complexa para todas aquelas persoas que podan estar interesadas e non dispoñan dos coñecementos ou do asesoramento, tanto técnico como legal, sobre o procedemento.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A maiores, nestes momentos estamos inmersos nunha pandemia que limita os contactos entre persoas non convivintes, dificulta as posibilidades de desprazamentos que non sexan imprescindíbeis, e restrinxe o tamaño dos grupos en lugares públicos e privados e, polo tanto, de reunión das persoas que podan ser susceptibles de estar afectadas polo mesmo.

E, finalmente, as consultas ou o asesoramento que se queira levar a cabo están suxeitas a obter cita previa nas administracións e tamén en asesorías particulares.

A excepcionalidade da situación que estamos a vivir fai máis necesaria ca nunca a protección da saúde e da seguridade da cidadanía e, ao mesmo tempo, de todos os seus dereito.

A administración ten que ser sensíbel a este problema que nos atinxe e, é mais, ten que promover e facilitar que a cidadanía teña acceso doado e absolutas garantías no desenvolvemento de todos os procedementos administrativos que lle podan afectar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta o goberno da Xunta de Galiza a dispoñer unha paralización do prazo de alegacións ou observacións ao proxecto do parque eólico Banzas, nos concellos de Outes, Negreira e Mazaricos, que non se reanudará ata pasado o actual estado de alarma.”

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 19/11/2020 13:22:36

María do Carme González Iglesias na data 19/11/2020 13:22:50

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/11/2020 13:22:58

Daniel Pérez López na data 19/11/2020 13:23:06

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2020 13:23:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa aos criterios para a realización de PCR's e o sistema de rastrexo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diante dunha situación de extrema gravidade como a que estamos vivindo a causa da pandemia orixinada pola Covid 19, o que se precisa é que o Goberno asuma responsabilidades e tome as medidas precisas, o mellor plan de continxencia para evitar o incremento de casos é a prevención.

Se en algo hai unanimidade é en que na loita contra a COVID-19 é vital actuar con rapidez, realizar test masivos para detectar positivos, identificalxs, illalos e facer rastrexo de contactos, sobre todo diante dunha situación de extrema gravidade como a que estamos vivindo cunha evidente transmisión comunitaria, onde unha porcentaxe moi elevada dos contaxios non teñen orixe coñecida, é preciso tomar as medidas axeitadas.

Facer ben esa labor é fundamental para parar a cadea de contaxios. Non se pode parar a pandemia se non se sabe onde está o virus, a clave é ser proactivxs, planificar, anticiparse... para ir por diante do virus e non por detrás.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por iso dende o BNG queremos mostrar a nosa total desaprobación coa xestión que a Xunta está a realizar tanto na realización de PCRs como co rastrexo de positivos, máis destinada ao titular de prensa e non para solucionar o problema.

Consideramos necesario que por parte da Xunta se facilite toda a información a respecto dos criterios para a realización de PCRs, dos protocolos que se están aplicando e do sistema de rastrexo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a actuar de acordo coa gravidade da situación de contaxios por Covid 19, realizando todas as PCRs precisas, establecendo protocolos claros e homoxeneizados, e activando un sistema de rastrexo áxil, eficaz e eficientes co número de persoas suficiente para levalo a cabo, que permita romper coa cadea de contaxios.”

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2020 16:25:59

Iria Carreira Pazos na data 19/11/2020 16:26:12

Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2020 16:26:19



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

A pandemia xerada pola covid-19 ten xerado un forte impacto económico. As grandes necesidades xeradas pola pandemia obrigan a mobilizar un amplo abanico de recursos públicos e privados nun contexto de forte caída da recadación tributaria. As necesidades de aumentar o gasto público para manter os servizos públicos esenciais (sanidade, educación e políticas sociais) non se corresponden co nivel de ingresos que se tiña presupostado.

Esta situación debe obrigar a Xunta de Galicia a repensar as súas prioridades de actuación e a asignar recursos, baseándose en principios de xeración de riqueza e redución das desigualdades sociais, replantexando a súa política tributaria, especialmente no que atinxe as exencións e bonificacións fiscais que afectan a determinadas figuras tributarias.

O noso xuízo, deben activarse fontes de ingresos atípicas, que deben ser mecanismos de financiación non utilizados ate agora. Temos que seguir mantendo o estado de benestar e non deixar a ninguén na cuneta.

De acordo co principio de progresividade fiscal, os que máis teñen deben ser os que máis contribúan as arcas públicas. E, por suposto, a xestión dos recursos públicos debe abordarse dende o rigor, a eficiencia e a eficacia.

Neste contexto extraordinario provocado pola covid-19, co obrigado incremento do gasto público para atender demandas urxentes da poboación en Galicia nos distintos eidos económicos, sociais, educativos e sanitarios, chama a atención que a Xunta de Galicia non teña repensado a súa política tributaria, máxime nun contexto de posible caída de recadación.

Baixada de recadación que, por outra banda, vense producindo en Galicia de xeito progresivo nos últimos anos, especialmente no eido do Imposto de Sucesións, Patrimonio e Transmisións Patrimoniais, a consecuencia dunha política tributaria, onde algunha das figuras tributarias cedidas xa outorgan máis beneficios fiscais que ingresos. Unha estratexia que lle permite a Xunta de Galicia auto- renunciar as súas



capacidades de xeración de ingresos, sen prexuízo de formular unha confrontación permanente con Madrid, en aras de obter máis e mellor financiación.

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIREF) no seu Informe do 15 de xullo do 2020 sobre execución orzamentaria, débeda pública e regra de gasto 2020 da nosa Comunidade Autónoma, anticipa un desplome respecto do ano 2019 do 42 % no Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, cun impacto na recadación de aproximadamente 100 millóns de euros. Unha caída incluso menor que a prevista pola propia Facenda autonómica.

Con datos de execución correspondentes ao ano 2019, no que atinxe ao Imposto de Sucesións, a Xunta de Galicia recadou 131,3 millóns de euros, un 34,5 % menos que no ano 2018, onde a recadación por este imposto ascendeu a 196,5 millóns.

Nesta situación a aplicación de medidas fiscais adicionais e excepcionais, xunto co debate sobre un sistema tributario máis progresivo e xusto, resulta de todo pertinente para garantir os recursos necesarios para implementar as políticas públicas que necesitamos con urxencia.

A Xunta de Galicia ten autonomía fiscal por canto conta con tributos propios, xestiona e recada tributos cedidos e participa na recadación de impostos estatais, caso do IRPF, a través da cota autonómica.

Diante do exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego, de acordo cos requisitos regulamentarios, acorda a creación unha ponencia parlamentaria que permita abordar de forma rigorosa os aspectos necesarios dunha reforma fiscal que permita establecer unha política fiscal máis progresiva, equitativa e xusta, coa que facer fronte ao desastre provocado pola covid-19 na recadación dos ingresos públicos.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 17:03:55
Nº Rexistro: 5645
Data envío: 19/11/2020 17:03:55.032

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/11/2020 16:58:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/11/2020 16:59:08

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/11/2020 16:59:17

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Marina Ortega Otero e Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Foi en marzo do ano 2018 cando foi presentado o proxecto “Ecobarrio” no salón de Plenos do Concello de Ourense de Galicia. Anunciaba daquela o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Nuñez Feijoo, xunto co alcalde, Jesús Vázquez, o conselleiro de Economía, Francisco Conde e a delegada territorial da Xunta de Galicia, Marisol Díaz, entre outros que o Proxecto Ecobarrio convertería a Ourense na primeira cidade de Europa en utilizar xeotermia, que contaría cunha inversión de 20 millóns de euros e unha previsión de crear 300 postos de traballo, na súa primeira fase, xerando calefacción e auga quente para 31 edificios públicos e 18 vivendas privadas.

Manifestaba o presidente da Xunta de Galicia en declaracións os medios de comunicación que consistía nunha aposta polas enerxías renovables, cun proxecto de “futuro, pioneiro e estratéxico”, cunha actuación prevista no barrio da Ponte, que pasaría a converterse nun Ecobarrio, cos aproveitamentos dos recursos existentes no subsuelo.

Resaltando que este proxecto suporía para Ourense que esta se converterá na primeira cidade europea en utilizar este tipo de enerxía, e referencia na loita contra o cambio climático, aproveitando para elo “*o gran potencial con que conta. A xeotermia que nos está esperando*”. Ademais durante a presentación do proxecto, na que tamén participou o entón comisario polo Clima e Enerxía da Comisión Europea, D. Miguel Arias Cañete, o presidente da Xunta de Galicia destacou que, na súa primeira fase, levara consigo unha inversión de 20 millóns de euros e a estimación de crear uns 300 postos de traballo.



En xuño de 2018 faise público polo Goberno galego a aprobación do protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense, así coma o Adif para a execución de proxecto “Ecobarrio”.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019 consignáronse para este proxecto 2,4 millos de euros e nos do ano 2020, 741.000 euros.

En Maio do 2019 o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), organismo dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria anunciaba que acaba de dar un importante paso co fin de desbloquear unha das pezas do “Ecobarrio” da Ponte adxudicando a implantación dunha oficina destinada a proporcionar información a persoas interesadas, comunidades de propietarios e usuarios de edificios públicos, como punto de información de referencia para interesarse polas axudas e outras actuacións que se levarán a cabo, destinando a tal fin a Xunta de Galicia 467.907 euros, o que segundo afirmaron, permitiría tela aberta ata o 31 de decembro de 2021.

Na actualidade esta oficina permanece pechada dende hai máis dun ano o remate das obras de acondicionamento do local. Dos 20 millóns de euros anunciados so nos consta unha execución de 695.856 euros.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que execute o Proxecto “Ecobarrio” anunciado polo presidente da Xunta de Galicia o 19 de marzo do 2018, dotando a partida orzamentaria suficiente nos orzamentos do ano 2021 da Xunta de Galicia, así como se proceda a apertura da Oficina de Información Ecobarrio adxudicada en maio de 2019.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro do 2020



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/11/2020 17:18:00

Martín Seco García na data 19/11/2020 17:18:08

Marina Ortega Otero na data 19/11/2020 17:18:19

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/11/2020 17:18:30

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/11/2020 17:18:41



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Juan Carlos Francisco Rivera, Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Marina Ortega Otero e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

Foi en marzo do ano 2018 cando foi presentado o proxecto “Ecobarrio” no salón de Plenos do Concello de Ourense de Galicia. Anunciaba daquela o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Nuñez Feijoo, xunto co alcalde, Jesús Vázquez, o conselleiro de Economía, Francisco Conde e a delegada territorial da Xunta de Galicia, Marisol Díaz, entre outros que o Proxecto Ecobarrio convertería a Ourense na primeira cidade de Europa en utilizar xeotermia, que contaría cunha inversión de 20 millóns de euros e unha previsión de crear 300 postos de traballo, na súa primeira fase, xerando calefacción e auga quente para 31 edificios públicos e 18 vivendas privadas.

Manifestaba o presidente da Xunta de Galicia en declaracións os medios de comunicación que consistía nunha aposta polas enerxías renovables, cun proxecto de “futuro, pioneiro e estratéxico”, cunha actuación prevista no barrio da Ponte, que pasaría a converterse nun Ecobarrio, cos aproveitamentos dos recursos existentes no subsuelo.

Resaltando que este proxecto suporía para Ourense que esta se converterá na primeira cidade europea en utilizar este tipo de enerxía, e referencia na loita contra o cambio climático, aproveitando para elo “*o gran potencial con que conta. A xeotermia que nos está esperando*”. Ademais durante a presentación do proxecto, na que tamén participou o entón comisario polo Clima e Enerxía da Comisión Europea, D. Miguel Arias Cañete, o presidente da Xunta de Galicia destacou que, na súa primeira fase, levara consigo unha inversión de 20 millóns de euros e a estimación de crear uns 300 postos de traballo.



En xuño de 2018 faise público polo Goberno galego a aprobación do protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense, así coma o Adif para a execución de proxecto “Ecobarrio”.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019 consignáronse para este proxecto 2,4 millos de euros e nos do ano 2020, 741.000 euros.

En Maio do 2019 o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), organismo dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria anunciaba que acaba de dar un importante paso co fin de desbloquear unha das pezas do “Ecobarrio” da Ponte adxudicando a implantación dunha oficina destinada a proporcionar información a persoas interesadas, comunidades de propietarios e usuarios de edificios públicos, como punto de información de referencia para interesarse polas axudas e outras actuacións que se levarán a cabo, destinando a tal fin a Xunta de Galicia 467.907 euros, o que segundo afirmaron, permitiría tela aberta ata o 31 de decembro de 2021.

Na actualidade esta oficina permanece pechada dende hai máis dun ano o remate das obras de acondicionamento do local. Dos 20 millóns de euros anunciados so nos consta unha execución de 695.856 euros.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que execute o Proxecto “Ecobarrio” anunciado polo presidente da Xunta de Galicia o 19 de marzo do 2018, dotando a partida orzamentaria suficiente nos orzamentos do ano 2021 da Xunta de Galicia, así como se proceda a apertura da Oficina de Información Ecobarrio adxudicada en maio de 2019.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro do 2020



Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/11/2020 18:01:04

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/11/2020 18:01:13

Martín Seco García na data 19/11/2020 18:01:21

Marina Ortega Otero na data 19/11/2020 18:01:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/11/2020 18:01:43

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/11/2020 18:01:53



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O cambio climático ou quentamento global de orixe antropoxénico é na actualidade a maior ameaza á que se enfronta a humanidade, na medida en que o clima determina, directa ou indirectamente, todos os aspectos das nosas vidas, dende a produción de comida ata as necesidades enerxéticas, de vivenda, auga, etc, e se retroalimenta co resto do sistema biofísico planetario producindo a ruptura de equilibrios ecolóxicos a todos os niveis, perda de biodiversidade, incendios de intensidade e periodicidade infrecuente, fenómenos climatolóxicos extremos, e un longo etcétera.

O impacto económico da adaptación ao cambio climático estímase en estudos relativamente recentes entre o 7 % e o 15 % do PIB mundial, aínda que outros estudos menos recentes como o Informe Stern estímalo nun 20 % e case todos os estudosos asumen que estes informes poderían subestimar o dito impacto dado que a incerteza na materia é moi elevada.

En especial, a posibilidade de que se desencadeen os chamados bucles de realimentación (liberación de metano por derretemento do *permafrost*, perda de efecto *albedo* por diminución do xeo na superficie do planeta, deforestación, etc, etc) que poderían acelerar o cambio climático. En xeral, as predicións relativas á evolución do cambio climático tenden a empeorar co paso do tempo e co avance da ciencia aplicable.

España e Galicia, como zonas de transición climática, son singularmente vulnerables ao cambio climático e as súas consecuencias poden ser máis graves ca noutros países, con graves repercusións sobre a agricultura, gandaría, bosques ou migracións, afectando a toda a sociedade.

A declaración de emerxencia climática é un movemento de alcance internacional que pretende que dende as institucións públicas se asuma a realidade do grave impacto do cambio climático e a urxencia de actuar contra el e, en consecuencia, o compromiso de facelo.



Como xa anticipamos antes, sobran razóns para a declaración de emerxencia climática: aumento das temperaturas, perda de terreo cultivable, desertización, subida do nivel do mar, récords de concentración de CO2 no nivel da atmosfera (de 270 partes por millón antes da revolución industrial a case 400 agora), acidificación do océano, fenómenos meteorolóxicos extremos, migracións masivas e os efectos políticos de inestabilidade que todo o anterior supón aconsellan actuar xa e non demorar nin un só minuto a acción contra o cambio climático.

Para maior abastanza, o cambio climático está en relación e forma parte do colapso gradual dos ecosistemas que comezou no século XX e está a acelerarse no século XXI, e son moitos os científicos que afirman que a pandemia que padecemos actualmente é un efecto máis dese desequilibrio ecolóxico global.

Por iso, ducias de países e cidades están declarando a emerxencia climática. España declarou a emerxencia climática a principios deste ano. Cataluña, Castela A Mancha, Aragón, Baleares, Canarias, a Comunidade Valenciana, País Vasco, Asturias, Murcia, Cantabria, Extremadura, Navarra ou Asturias están en proceso ou declararon xa a emerxencia climática. Tamén decenas de concellos de todo o Estado teñen declarado a emerxencia climática, sendo Vigo a primeira cidade de Galicia en facelo.

Galicia, a diferenza de todas as CC.AA anteriormente mencionadas, quedou adiada e non fixo ningún movemento neste sentido, salvo sacar do caixón a estratexia contra o cambio climático do ano 2005, da que non se lembrou en 15 anos, é retocada no ano 2019, anunciando a bombo e prato que Galicia sería pioneira nesta materia (outra de tantas estratexias publicitarias do Goberno galego), esquecendo que España conta dende principios do ano pasado, e niso si é pioneira dado que foi o primeiro país do mundo en facelo, cunha estratexia de transición xusta no marco do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Aprobar a Declaración do estado de emerxencia climática en Galicia, co obxectivo primordial de comprometer todas as futuras políticas do Goberno de Galicia, sexa cal sexa a súa cor política, para facer fronte a esta emerxencia que ameaza o noso futuro individual e colectivo.



2º) Comprometerse a activar, coa máxima urxencia, políticas transversais en todas as áreas e accións de goberno, para acadar a neutralidade climática non máis tarde de 2050, de non ser posible facelo antes dende o punto de vista técnico e económico.

3º) Promover o investimento en I+D+i en novas tecnoloxías que impulsen a descarbonización de todos os sectores da economía galega susceptibles de emitir gases de efecto invernadoiro.

4º) Incluír nas accións de goberno, con carácter transversal, a dimensión de adaptación ao cambio climático, con medidas específicas na materia para limitar os danos causados por ese fenómeno.

5º) Implicarse activamente no Pacto Verde europeo, promovendo decididamente a transición ecolóxica xusta e a integración de Galicia na nova economía verde.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/11/2020 18:04:23

Paloma Castro Rey na data 19/11/2020 18:04:43

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/11/2020 18:04:52



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O marisqueo –practicado intensamente en Galicia dende tempos inmemoriais segundo amosan os vestixios arqueolóxicos- é non soamente fonte de riqueza senón parte da nosa cultura e da nosa identidade, ademais de ser unha actividade produtiva non deslocalizable, intensiva en man de obra, en boa medida feminina, e parte da cadea de valor do sector da conserva, de enorme importancia en Galicia, así como da hostalería, o cal outórgalle un carácter estratéxico, que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio, prioridade de calquera política pública no século XXI e sinaladamente no ámbito da Unión Europea.

Chama a atención, considerando todo o anterior, que tanto o volume da produción marisqueira como os postos de traballo asociados a esa actividade non deixen de minguar.

Así, un estudio de investigadores galegos publicado na revista *Marine Policy* en 2019 sinalaba a existencia dunha "crise oculta" no sector marisqueiro galego, larvada na última década, concluíndo, tras recoller datos de distintas fontes, que se deron descensos tanto no número de barcos dedicados ao marisqueo (caeu un 13 %), os desembarques e o valor de venta das distintas especies (que caeron un 16 % e un 13 %, respectivamente), así como a cifra de mariscadoras a pé, que se viu reducida á metade. Segundo o dito estudo, as causas son debidas a un cúmulo de factores e a solución a este declive pasa por inverter na recuperación das especies autóctonas e máis políticas contra a contaminación e o furtivismo.

Dentro dese declive xeral, A ría de Ferrol, onde hai non moitos anos chegaron a mariscar máis de 600 persoas, está hoxe baixo mínimos, non chegando a 70 persoas as que poden mariscar e dun xeito insuficiente para obter un mínimo de subsistencia. Nos últimos tempos, a situación deteriorouse ata tal punto que os patróns das confrarías da ría calcularon en setembro nun 90% o descenso da produción de ameixa, considerando que a propia supervivencia do marisqueo na ría está en cuestión, afectado por causas que a Xunta non é capaz de determinar, xa que se falou primeiro do parasito *Perkinsus*, pero recoñeceu logo a Xunta os



proprios mariscadores que pode haber outras causas e que non sabe realmente o que está pasando na ría.

Así, despois de solicitar reiteradamente á Xunta de Galicia a adopción de medidas para solucionar esta situación, e de chegar a manifestarse en diversas ocasións, nunha recente reunión celebrada en Santiago, representantes das tres confrarías (Ferrol, Mugardos e Barallobre) da ría non obtiveron ningún tipo de resposta positiva da administración galega, manifestando o patrón da confraría de Barallobre que "Nos han trasladado que si son conscientes de que hai un problema en la ría pero que no saben realmente a que es debido, que lo están intentando averiguar, pero no nos aportan una solución ni tampoco ningún recurso económico para la falta de producto que tenemos".

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a elaborar de xeito inmediato un estudio integral da situación da ría para determinar as causas do drástico declive da produción marisqueira e, en consonancia co resultado dese estudio, un plan integral de rexeneración da ría e de recuperación da actividade marisqueira nela.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/11/2020 17:51:46

Julio Torrado Quintela na data 19/11/2020 17:52:04

Patricia Otero Rodríguez na data 19/11/2020 17:52:14

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/11/2020 17:52:28



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rei, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O marisqueo –practicado intensamente en Galicia dende tempos inmemoriais segundo amosan os vestixios arqueolóxicos- é non soamente fonte de riqueza senón parte da nosa cultura e da nosa identidade, ademais de ser unha actividade produtiva non deslocalizable, intensiva en man de obra, en boa medida feminina, e parte da cadea de valor do sector da conserva, de enorme importancia en Galicia, así como da hostalería, o cal outórgalle un carácter estratéxico, que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio, prioridade de calquera política pública no século XXI e sinaladamente no ámbito da Unión Europea.

Chama a atención, considerando todo o anterior, que tanto o volume da produción marisqueira como os postos de traballo asociados a esa actividade non deixen de minguar.

Así, un estudio de investigadores galegos publicado na revista *Marine Policy* en 2019 sinalaba a existencia dunha "crise oculta" no sector marisqueiro galego, larvada na última década, concluíndo, tras recoller datos de distintas fontes, que se deron descensos tanto no número de barcos dedicados ao marisqueo (caeu un 13 %), os desembarques e o valor de venta das distintas especies (que caeron un 16 % e un 13 %, respectivamente), así como a cifra de mariscadoras a pé, que se viu reducida á metade. Segundo o dito estudo, as causas son debidas a un cúmulo de factores e a solución a este declive pasa por inverter na recuperación das especies autóctonas e máis políticas contra a contaminación e o furtivismo.

Dentro dese declive xeral, A ría de Ferrol, onde hai non moitos anos chegaron a mariscar máis de 600 persoas, está hoxe baixo mínimos, non chegando a 70 persoas as que poden mariscar e dun xeito insuficiente para obter un mínimo de subsistencia. Nos últimos tempos, a situación deteriorouse ata tal punto que os patróns das confrarías da ría calcularon en setembro nun 90% o descenso da produción de ameixa, considerando que a propia supervivencia do marisqueo na ría está en cuestión, afectado por causas que a Xunta non é capaz de determinar, xa que se falou primeiro do parasito *Perkinsus*, pero recoñeceu logo a Xunta os



proprios mariscadores que pode haber outras causas e que non sabe realmente o que está pasando na ría.

Así, despois de solicitar reiteradamente á Xunta de Galicia a adopción de medidas para solucionar esta situación, e de chegar a manifestarse en diversas ocasións, nunha recente reunión celebrada en Santiago, representantes das tres confrarías (Ferrol, Mugardos e Barallobre) da ría non obtiveron ningún tipo de resposta positiva da administración galega, manifestando o patrón da confraría de Barallobre que "Nos han trasladado que si son conscientes de que hai un problema en la ría pero que no saben realmente a que es debido, que lo están intentando averiguar, pero no nos aportan una solución ni tampoco ningún recurso económico para la falta de producto que tenemos".

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a elaborar de xeito inmediato un estudio integral da situación da ría para determinar as causas do drástico declive da produción marisqueira e, en consonancia co resultado dese estudio, un plan integral de rexeneración da ría e de recuperación da actividade marisqueira nela.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/11/2020 17:49:25

Julio Torrado Quintela na data 19/11/2020 17:49:39

Patricia Otero Rodríguez na data 19/11/2020 17:49:51

Paloma Castro Rey na data 19/11/2020 17:50:07

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/11/2020 17:50:16



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela, Pablo Arangüena Fernández, Marina Ortega Otero, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O equipo de Wim van der Poel, investigador xefe da área de Virus Emerxentes e Zoonosis do Centro de Investigación Bioveterinaria da Universidade de Wageningen (WBVR, siglas en inglés), secuenciou o xenoma do virus SaRS-COV-2.

A secuenciación do xenoma completo dos brotes de SARS-CoV-2 en 16 granxas de visóns de Países Baixos, revelou a transmisión do virus entre humanos e visóns, e viceversa, isto provocou que derivado da aparición de varios brotes en diferentes granxas, os gobernos destes países levarán a cabo o sacrificio masivo destes animais.

En España o Goberno de Aragón decretou o pasado mes de xullo o sacrificio obrigatorio de 92.700 exemplares en granxas desta comunidade tras detectarse diversos casos de contaxio en animais e persoal destas instalacións.

No territorio galego atópanse 25 granxas de visóns deste tipo, a meirande parte das existentes en España, que poden converterse nun perigo sanitario de non ter un control exhaustivo polas autoridades competentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Que informe sobre se neste momento, as 25 granxas existentes en Galicia están sometidas a algún tipo de control epidemiolóxico.



2. Que, por motivos de sanidade e seguridade pública, tome todas as medidas necesarias para evitar que se produza un gromo en algunha destas granxas, nomeadamente:
- Realización de probas PCR de forma sistemática e cunha periodicidade de 15 días ao persoal que traballa nestas granxas.
 - Realización de análises periódicos e aleatorios aos animais das diferentes granxas sitas no noso territorio.
3. Se elabore por parte da Xunta de Galicia un plan de actuación para o caso que xorda un gromo nalgunha destas granxas.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Pablo Arangüena Fernández
Marina Ortega Otero
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/11/2020 18:14:24

Julio Torrado Quintela na data 19/11/2020 18:14:31

Pablo Arangüena Fernández na data 19/11/2020 18:14:38

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Marina Ortega Otero na data 19/11/2020 18:14:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2020 18:14:56

Patricia Otero Rodríguez na data 19/11/2020 18:15:05

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/11/2020 18:15:15



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela, Pablo Arangüena Fernández, Marina Ortega Otero, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O equipo de Wim van der Poel, investigador xefe da área de Virus Emerxentes e Zoonosis do Centro de Investigación Bioveterinaria da Universidade de Wageningen (WBVR, siglas en inglés), secuenciou o xenoma do virus SaRS-COV-2.

A secuenciación do xenoma completo dos brotes de SARS-CoV-2 en 16 granxas de visóns de Países Baixos, revelou a transmisión do virus entre humanos e visóns, e viceversa, isto provocou que derivado da aparición de varios brotes en diferentes granxas, os gobernos destes países levarán a cabo o sacrificio masivo destes animais.

En España o Goberno de Aragón decretou o pasado mes de xullo o sacrificio obrigatorio de 92.700 exemplares en granxas desta comunidade tras detectarse diversos casos de contaxio en animais e persoal destas instalacións.

No territorio galego atópanse 25 granxas de visóns deste tipo, a meirande parte das existentes en España, que poden converterse nun perigo sanitario de non ter un control exhaustivo polas autoridades competentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Que informe sobre se neste momento, as 25 granxas existentes en Galicia están sometidas a algún tipo de control epidemiolóxico.



2. Que, por motivos de sanidade e seguridade pública, tome todas as medidas necesarias para evitar que se produza un gromo en algunha destas granxas, nomeadamente:
- Realización de probas PCR de forma sistemática e cunha periodicidade de 15 días ao persoal que traballa nestas granxas.
 - Realización de análises periódicos e aleatorios aos animais das diferentes granxas sitas no noso territorio.
3. Se elabore por parte da Xunta de Galicia un plan de actuación para o caso que xorda un gromo nalgunha destas granxas.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Pablo Arangüena Fernández
Marina Ortega Otero
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/11/2020 18:09:35

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Julio Torrado Quintela na data 19/11/2020 18:09:46

Pablo Arangüena Fernández na data 19/11/2020 18:09:53

Marina Ortega Otero na data 19/11/2020 18:10:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2020 18:10:10

Patricia Otero Rodríguez na data 19/11/2020 18:10:20

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/11/2020 18:10:29



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

